

FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E SOCIAIS
Grao en Ciencias Políticas e da Administración



Crise en Europa: os casos de Crimea e
Donbas.

Unha análise dende a teoría do conflito.

Crisis in Europe: the cases of Crimea and Donbas.
An analysis from the perspective of the theory of
conflict.

Crisis en Europa: los casos de Crimea y Donbas. Un
análisis desde la teoría del conflicto.

Autor do TFG: Daniel Prieto de Andrés

Titora: Montserrat Pintado Lobato

ÍNDICE

I.	RESUMO	2
II.	INTRODUCCIÓN	4
A.	ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN DO TEMA E PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN.....	5
B.	PRESENTACIÓN DO PROBLEMA DE ESTUDO, DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E HIPÓTESES	12
C.	METODOLOXÍA	13
D.	PLAN DE TRABALLO	14
III.	APROXIMACIÓN HISTÓRICA ÁS RELACIÓNS ENTRE UCRAÍNA E RUSIA	16
IV.	APROXIMACIÓN TEÓRICA AO CONCEPTO DE CONFLITO	38
V.	APLICACIÓN TEÓRICA AOS CASOS DA CRISE DE CRIMEA E A GUERRA DE DONBAS.....	48
VI.	DISCUSIÓN.....	74
VII.	CONCLUSIÓN.....	77
VIII.	ANEXO HISTÓRICO	82
IX.	BIBLIOGRAFÍA.....	84

LISTA DE ILUSTRACIÓNS E MAPAS

Ilustración 1. Principados do Rus de Kiev (1054-1132)	18
Ilustración 2. Mapa de Ucraína do ano 2016	28
Ilustración 3 Mapa da Península de Crimea	34
Ilustración 4. O ruso como lingua nativa ao este de Ucraína.....	49
Ilustración 5. Representación visual da árbore do conflito no caso da Crise de Crimea.....	59
Ilustración 6. Mapa da rexión de Donbas que mostra as cidades que foron centro da insurxencia pro-rusa en 2014.....	60
Ilustración 7. Representación visual da árbore do conflito no caso da Guerra de Donbas	73

Agradecementos

A Montse, a miña titora, pola atención, a amabilidade e a gran axuda prestada.
E en definitiva, á miña familia e á todas aquelas amigas e amigos que tiveron a paciencia de escoitarme falar do tema unha e outra vez durante meses.

I. RESUMO

Resumo

A historia de Ucraína e Rusia estivo sempre unida ao longo dos séculos, dende a orixe do Rus de Kiev ata a caída do Muro de Berlín. No contexto actual observamos o claro deterioro das relacións entre ambos países, polo que será obxecto de interese coñecer que cuestións marcarían ao longo dos séculos as relacións destes países. Ao mesmo tempo, será clave estudar os sucesos máis recentes e de maior importancia, a Crise de Crimea e a Guerra de Donbas, que marcarán sen dúbida as relacións entre estes países. A aproximación ao tema virá marcada pola aplicación da teoría do conflito e da ferramenta da árbore do conflito co obxectivo de coñecer as causas, as partes e as consecuencias dos casos estudados.

Palabras clave: Rusia, Ucraína, teoría do conflito, Crimea, Donbas.

Abstract

The history of Ukraine and Russia have always been linked over the centuries, since the origin of the Kievan Rus to the fall of the Berlin Wall. In the current context, it is easy to observe clear deterioration of the relationship between both countries. So, it will be interesting to see what issues will mark over the centuries the relations between these two countries. At the same time, it will be key to study the most recent important events, specially, the Crimean Crisis and the Donbas War, which will undoubtedly left a mark on the relationship between these countries. The approach to this topic will be analyzed by the application of conflict theory and the conflict tree tool, in order to better understand the causes, actors and consequences of the cases being studied.

Keywords: Russia, Ukraine, conflict theory, Crimea, Donbas.

II. INTRODUCCIÓN

A. ANTECEDENTES, XUSTIFICACIÓN DO TEMA E PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN.

A primeira cuestión tratada neste Traballo de Fin de Grao estará relacionada con presentar os aspectos clave do mesmo. Nesta liña, as primeiras cuestións comentadas serán as de clasificar na área temática correspondente o propio traballo, facer unha referencia aos antecedentes de investigación previos sobre o tema, realizar unha aproximación ao estado actual do tema, falar das oportunidades de estudo que ofrece o mesmo e plantexar finalmente as preguntas de investigación que guiarán o traballo.

Neste senso, antes de comezar a falar dos detalles correspondentes a este apartado considero preciso facer unha breve presentación do traballo de investigación. Como se pode observar, foron escollidos como temas centrais dous conflitos internacionais que estalaron en territorio ucraíno, entre a Federación Rusa e Ucraína, son os casos da Crise de Crimea e a Guerra do Donbas, ambos encadrados temporalmente neste S. XXI e englobados no que se coñece como a Guerra Ruso-Ucraína que comezaría máis concretamente en febreiro do ano 2014. Polo tanto, como se pode observar a área temática elixida para o traballo de investigación será a das Relacións Internacionais, dentro deste espectro o tema elixido estará maiormente enfocado no ámbito dos conflitos internacionais.

Se falamos de antecedentes de investigación á hora de estudar e analizar a cuestión da Guerra Ruso-Ucraína e a historia entre estes dous países ao longo da historia gustaríame destacar o libro publicado en 2015, *“The Conflict of Ukraine”* do historiador canadense de orixe ucraíno Serhy Yekelchuk. Neste traballo o autor mostra un plantexamento relativamente semellante a algúns dos obxectivos que considerarei eu como interesante á hora de abordar este tema e tratará de mostrarlle ao lector dun xeito moi xeral as claves do conflito ucraíno, tanto a nivel histórico como a nivel político. Seguindo esta liña cabería destacar a obra *“Conflict in Ukraine: The Unwinding of the Post-Cold War Order”*, publicada tamén en 2015 polos expertos nas relacións internacionais entre os Estados post-soviéticos, Rajan Menon e Eugene Rumer. Esta obra terá un obxectivo ambicioso que partirá dende unha perspectiva histórica para entender o trasfondo da cuestión, pasando por unha revisión breve dos feitos, para finalmente poñer especial atención ao impacto do conflito nas distintas partes. Esta obra será de especial interese á hora de coñecer máis en detalle cal sería a reacción de Rusia, Ucraína ou a Unión Europea durante e despois da crise acontecida, mostrando as posibilidades de futuro para o conflito.

Dende unha perspectiva máis teórica, o libro *“Understanding conflict and conflict analysis”* do autor sur-coreano Ho-Won Jeong (2008) será clave á hora de entender o conflito en tódolos seus sentidos, nos seus procesos, estruturas, dinámicas e claro está no xeito de estudalos dende un punto de vista académico e teórico.

Antes de continuar e como breve achegamento ao estado actual de ambos conflitos debemos destacar que tanto o primeiro como o segundo caso como xa comentei moi brevemente ao comezo, aínda que teñen unha orixe e uns antecedentes históricos diferentes, poderíamos dicir que derivan neste caso dunhas mesmas tensións. Estas tensións que comento terán como orixe as negociacións do Acordo de Asociación coa Unión Europea, entre a propia Unión e Ucraína. Debemos recordar que Ucraína non pertence á Unión Europea (UE) e que a nivel de comercio internacional para Ucraína no ano 2014 o comercio coa UE representaba un terzo do seu comercio internacional (Malmström, 2016). Neste punto, entrará no xogo Rusia, que representaba tamén un terzo do comercio internacional ucraino, así pois, podemos observar como Ucraína se atopa no medio deses dous eixes de poder a nivel internacional, tanto a escala xeográfica, como a escala política e económica. Ademais disto, gustaríame facer un breve paréntese para comentar que non será o obxectivo desta parte do traballo o feito de analizar detalladamente este complexo proceso de negociación a dúas bandas de Ucraína coa Unión Europea e Rusia, pero considero que comentar e sintetizar este proceso pode aportar riqueza ao propio traballo e ademais constitúe un antecedente ineludible para os conflitos que se van analizar e a inestabilidade nas relacións triangulares UE-Ucraína-Rusia.

Seguindo co que estaba a comentar antes de facer ese breve paréntese, será no ano 2008 onde se poderá observar por primeira vez movementos oficiais entre a UE e Ucraína co obxectivo de achegarse mutuamente, en xullo de 2008 sería anunciado polo ministro de Asuntos Exteriores Volodymyr Ohryzko o nome do acordo, o denominado *“Acordo de Asociación”*. Sen embargo, non será ata marzo de 2012 cando se comecen a dar pasos en firme dentro do proceso do Acordo de Asociación Europeo, este retraso se debe principalmente á cuestión do arresto de Yulia Timoshenko, que fora primeira ministra de Ucraína no anterior Goberno. Neste punto considero preciso facer unha breve aclaración que permita entender mellor este arresto. No ano 2010 tralo cambio de Goberno no país e xa co novo Goberno de Viktor Yanukovich establecido, Timoshenko, que nese momento era a líder da oposición, será arrestada acusada de malversación de fondos públicos e abuso de poder, entre outros delitos. Este feito causaría polémica non só a nivel nacional con declaracións como as feitas pola propia Timoshenko á saída da Fiscalía, onde denunciaría e atacaría públicamente ao Goberno defendendo que “como

quedou hoxe de manifesto na Fiscalía, o terror contra a oposición continúa” (EFE, 2010). Se non que, como comentaba, este feito xeraría polémica a nivel europeo e internacional, sendo as voces críticas foron numerosas e moi diversas, dende a Unión Europea, o Consello Europeo expresaba a “seria preocupación sobre o proceso xudicial” (Kyiv Post, 2011). Dende España o secretario de Estado español para a Unión Europea, Diego López Garrido, expresaba “a grave preocupación do Goberno polo arresto de Timoshenko, agardando que fora levantado o antes posible” (EFE, 2010).

Esta será a liña seguida en xeral pola maioría de países, a nivel internacional cabe destacar tamén a posición de Estados Unidos, na liña dos países europeos e organizacións non gubernamentais como Amnistía Internacional (Kyiv Post, 2011), que condeaban rotundamente o feito.

Esta cuestión do arresto da líder da oposición é relevante para o tema que estabamos a tratar posto que será unha das cuestións que retrasen o proceso de firma do Acordo de Asociación entre Ucraína e a UE, como ben comentaba, non será ata marzo de 2012 cando se comecen a dar os primeiros pasos debido á presión da Unión respecto á liberación de Yulia Timoshenko. Anteriormente en novembro, o Consello da Unión Europea a través da reunión mensual do Consello de Asuntos Exteriores reafirmará a súa vontade de avanzar no proceso de firma do Acordo de Asociación sempre que Ucraína realice unha serie de reformas a nivel xudicial electoral e constitucional. Ademais disto, o propio Consello expresa a súa preocupación polas condeas de motivación política, sen entrar a mencionar de xeito específico a Timoshenko, pero cuestionando a validez deses xuízos, considerando que non se aplicaron os estándares internacionais en termos de xustiza, transparencia e independencia (Consello da Unión Europea, 2012).

En febreiro de 2013 a Verkhovna Rada, a Cámara Parlamentaria de Ucraína, aprobará unha resolución onde se incluían as recomendacións de reforma do Consello Europeo anteriormente comentadas, establecendo e declarando a intención de levalas a cabo dentro dos marcos de poder da Cámara (Kyiv Post, 2013). A cuestión que desestabilizará todo o proceso, como veremos nunhas liñas máis adiante, é que mentres que a Cámara Parlamentaria aprobaba a resolución e se dispoñía un mes despois a aprobar un plan de acción co obxectivo de cumprir coas demandas prioritarias establecidas pola UE como requisitos indispensables para a firma do Acordo de Asociación, o presidente Yanukovich negociaba con Rusia a posible entrada nunha

futura Unión Aduaneira Eurasiática.¹ En novembro dese mesmo ano, o presidente Yanukovich firmará un decreto polo que se suspenden os preparativos para a firma do Acordo de Asociación, poñendo enriba da mesa a creación dunha comisión a tres bandas entre Ucraína, a UE e Rusia para negociar unha posible solución. Neste punto e coas negociacións estancadas ante a negación por parte das autoridades europeas a sentarse a negociar con Rusia, a oposición ucraína, claramente posicionada cara o achegamento á Unión Europea, comezará a convocar mobilizacións e protestas na capital ucraína, estas protestas que se coñecerán a posteriori como Euromaidan, durarán preto de catro meses onde se rexistrarán numerosas vítimas mortais, desaparecidos e un gran número de feridos. Esta cuestión remataría parcialmente en febreiro coa votación aprobada por maioría pola Cámara Parlamentaria Ucraína para retirarlle o poder ao presidente Viktor Yanukovich, sendo reempazado por un novo Goberno interino e convocándose novas eleccións para maio de 2014, onde saíría elixido como presidente, Petro Poroshenko que remataría firmando o día 24 de xuño de 2014 o Acordo de Asociación ca Unión Europea. Cabe comentar que Yulia Timoshenko sería liberada en febreiro de 2014 trala votación favorable da Cámara para derogar o Artigo polo que a líder da oposición fora acusada.

A partires das protestas do Euromaidan, as tensións xeradas derivadas da destitución de Yanukovich provocarán un certo caos e enfado en certas zonas do país, onde o presidente tiña máis respaldo, sobre todo no este, na rexión de Donbas, na zona fronteiriza con Rusia. Neste senso, as crecentes tensións a nivel nacional derivarán nos dous casos sobre os que estará baseado o traballo, a Crise de Crimea e a Guerra do Donbas. Será un dos futuros obxectivos do traballo analizar como se chega a esa situación de conflito, analizar a orixe e a evolución do mesmo.

Neste punto, polo tanto, o interese será o de ofrecer unha breve aproximación ao estado actual de ambos conflitos, a Crise de Crimea e a Guerra do Donbas. Para isto cómpre entender que ambos conflitos soen ser integrados na que se coñece como Guerra Ruso-Ucraína derivada das tensións que provocaron as protestas do Euromaidan e a posterior destitución do Goberno de Viktor Yanukovich. Na actualidade a Guerra Ruso-Ucraína segue activa, no caso de Crimea trala ocupación da península e a aprobación do referendun para incorporarse á Federación Rusa como República e Estado independente en 2014, a consulta non sería recoñecida por Ucraína, levando á Verkhovna Rada a aprobar unha lei para considerar este territorio como territorio baixo

¹ A Unión Aduaneira Euroasiática sería un proxecto alternativo á Unión Europea, encabezado polo presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin, é do que forman actualmente parte a propia Rusia, Bielorrusia e Kazajistán.

ocupación temporal. Neste senso, soamente as tensións derivadas do comezo da ocupación, que levaron á expulsión de Rusia do G8 en 2014 e o retorno por un breve espazo destas tensións en 2018 a causa da entrada de buques ucraínos en territorio ruso na zona do Mar de Azov ao Nordeste da Península de Crimea, a situación sería de relativa calma. Aínda que non se pode considerar que a Crise de Crimea rematara, posto que son considerados territorios ocupados por parte de Ucraína, actualmente se mantén en calma sen que exista ningún tipo de conflito armado directo.

Se falamos do caso da Guerra de Donbas na actualidade a cuestión cambia, este conflito vén dado das crecentes tensións vividas tralas protestas do Euromaidan ucraíno de 2014, que levaría á aparición de movementos de protesta nos *oblast* de Luhansk e Donetsk contra o novo Goberno interino que rematarían cun enfrontamento entre o Goberno ucraíno e os novos movementos de oposición que contaban co apoio loxístico dende Rusia e aos que se rematarían unindo efectivos militares rusos, levando a cabo unha estratexia que moitos cualifican de ocupación (Global Rights Compliance, 2020). Na actualidade, o conflito armado segue activo a pesares das intencións manifestas de ambos bandos e da mediación da Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE) para firmar un acordo que puxera fin ao conflito. Cabe destacar que se ben o conflito segue activo actualmente podemos falar de que se está avanzando cara unha situación de estabilidade derivada claramente das extensas negociacións levadas a cabo, deste xeito ao longo de 2019 serían retiradas tropas de algúns territorios do *oblast* de Luhansk e se efectuaría un intercambio dun total de 200 prisioneiros entre ambos bandos (AFP, 2019). No ano 2019 se recolleron oficialmente un total de 234 baixas relacionadas co conflito na rexión de Donbas, o ano anterior o número era similar, chocando xa cos datos recollidos no ano 2017, onde falecerán o dobre de persoas en combate, ao redor de 409 que choca coas baixas do ano anterior que se calculaban ou nos anos 2014 e 2015, onde falecerían entre os dous anos un total de 5.604 persoas debido ao conflito na rexión (UCDP, 2019).

Dende esta perspectiva podemos observar como a partires do ano 2015 o número de baixas diminuíu notablemente, reducíndose as baixas de entre a 50-100 ao día a menos de 10 ao día (UCDP, 2019). En xullo do ano 2020 se firmará entre os bandos belixerantes un alto ao fogo na rexión de Donbas, a pesares de que este alto ao fogo non reducirá no seu total o número de baixas na fronte, xa que houbo violacións dese alto ao fogo, se pode destacar que nesa metade de 2020, no bando ucraíno soamente falecerían un total de 3 soldados (UKRINFORM, 2020).

Sen embargo, durante este ano 2021 a situación volveu a complexizarse. Dende comezos de ano foi rexistado un incremento no número de enfrontamentos e de baixas e se calculan dende comezos do ano un total de 10 baixas civiles (UNICEF, 2021) e ataques a propiedades privadas. A finais de este último mes de marzo foron rexistrados movementos de tropas rusas na fronteira entre Rusia e Ucraína, tanto de tropas de infantería como sistemas de misiles balísticos (Janes, 2021). Estas tensións se reflexan tamén dende Ucraína coa aprobación por parte do presidente ucraíno Volodymyr Zelensky o día 21 de abril dunha lei que permitiría chamar a filas aos reservistas sen anunciar unha mobilización de tropas, é dicir, ter a capacidade de reforzar axilmente ás unidades militares activas na zona con reservistas en caso de ser preciso (Associated Press News, 2021). Estas tensións se poden ver perfectamente reflexadas a través das declaracións do Presidente ucraíno, que defendía que “Ucraína nunca comezaría unha guerra, pero sempre estará ata o final” (Associated Press News, 2021). Dende o Gabinete do Goberno Ruso, chegan as declaracións do xefe de Gabinete, Dmitry Kozak que dicía “apoiar as visións que tamén existen dentro de Ucraína que consideran que o comezo das hostilidades suporían o comezo do fin de Ucraína” (The Moscow Times, 2021).

Polo tanto, observando as tensións crecentes é complexo supor o que vai pasar nun futuro, sen embargo, ao longo do desenvolvemento do traballo se tratara de traballar coa informacións máis actualizada posible.

Neste punto, unha vez observado o estado actual do tema, cómpre falar das oportunidades de estudo que ofrece o mesmo, desta forma aproveitarei tamén para falar brevemente do plan de traballo dun xeito esquemático que permita ao lector ter unha idea do xeito no que se traballará ao longo da investigación. Á hora de escoller o seguinte tema foi inevitable pensar dun xeito simple pero que persoalmente foi bastante chocante, o feito de pensar que existía un conflito bélico activo dentro de Europa e que se lle dera tan pouca relevancia, fixo que me comezara a interesarme polo tema, para tentar coñecer a situación do tema na actualidade. A partires deste punto comezaría a interesarme polo tema e a ler sobre o mesmo, feito que me fixo comprobar que a profundidade e complexidade dos conflitos que se estaban dando ao este de Ucraína tiñan a relevancia para ser estudados e analizados, tendo en conta sempre a miña limitación de recursos e coñecementos.

Ademais do meu interese persoal, considero que é de interese académico ofrecer a análise duns feitos que marcarían o futuro dun país como Ucraína, hai que lembrar que as protestas do Euromaidan do ano 2014 derrocaron ao Goberno de Viktor Yanukovich e que esas tensións xeradas no país rematarían cun fronte aberto contra Rusia no este do país, que remataría con

ocupacións militares e confrontamentos directos. Unha guerra aberta en Europa en pleno século XXI e que, a pesares de entrar na axenda mediática sobretudo na etapa das protestas do Euromaidan, pouco a pouco foi difuminándose ata case desaparecer dos medios de comunicación. Este é outro dos motivos polos que considero interesante realizar este traballo de investigación, estudar un feito que aínda a día de hoxe segue vivo despois de sete anos e ao que quizais non se lle prestou nin se lle presta a atención necesaria. Outra das cuestións que considero relevantes á hora de estudar este feito é a bagaxe histórica que ten o mesmo, se ben é imposible para un traballo coma este abarcar a totalidade da historia de ambos países por separado e as relacións mantidas ao longo do tempo, será interesante facer referencia a feitos acontecidos no pasado como a orixe histórica compartida de ambos países, a Guerra de Crimea do século XIX e en especial a relación mantida entre Ucraína e Rusia trala caída da Unión Soviética. As oportunidades que ofrece este tema son moi numerosas e variadas, para este traballo tomei a decisión de que o traballo contará con dúas perspectivas, unha máis histórica onde se comente xusto o que acabo de referenciar unhas liñas máis enriba e por outra parte, analizar dende a teoría dos conflitos internacionais ambos conflitos, para finalmente realizar unha comparación entre eles que permita observar as diferenzas e semellanzas que manteñen.

Como parte clave deste apartado sobre antecedentes e xustificación cabe destacar o plantexamento das preguntas de investigación, nesta liña haberá que preguntarse o qué, o cómo, o onde, o cando e o por qué do que estamos a estudar. Neste senso considero que as posibles preguntas as que terei que dar resposta ao longo desta investigación deberán achegar unha visión completa da cuestión a estudar, neste punto inicial do traballo considero que estas preguntas poderían ser as seguintes:

- Qué características poderíamos destacar da crise de Crimea e da Guerra do Donbás?
- Cómo se chega a esa situación de conflito bélico nestas zonas?
- Onde se producen xeograficamente estes conflitos?
- Cando comezan e cando rematan estes conflitos bélicos?
- Por qué debemos estudar estes dous casos e tratar finalmente o estudo dun xeito comparativo?

B. PRESENTACIÓN DO PROBLEMA DE ESTUDO, DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E HIPÓTESES

Neste segundo apartado introdutorio tratarei de enunciar dun xeito claro e preciso o problema central do estudo, aclarando os obxectivos que terá o propio traballo, realizarei ademais as precisións conceptuais necesarias para a correcta comprensión do estudo e delimitarei brevemente a nivel espacial e temporal a cuestión estudada, presentado así un marco de estudo inicial.

Se entramos xa en materia, considero que o problema central do estudo será analizar a Crise de Crimea e a Guerra de Donbas tratando de destacar mediante a teoría dos conflitos internacionais as cuestións diferenciais que distinguen ambos casos e sinalar tamén aquelas cuestións que podan ter en común. Este será o obxectivo xeral do traballo de investigación, sen embargo, considero relevante destacar outros obxectivos máis específicos que plantexo coa intención de aportar valor e sentido a ese obxectivo xeral.

O primeiro obxectivo específico co que comezará o traballo será o de estudar dende unha perspectiva histórica as relacións mantidas entre Ucraína e Rusia ao longo da historia, facendo especial fincapé nas relacións mantidas entre ambos países a partires da caída da Unión Soviética. O segundo obxectivo específico será estudar e observar a relevancia do factor étnico dentro do conflito e a posible relevancia doutros factores de tipo histórico ou social, o obxectivo será coñecer se a cuestión étnica é unha peza clave á hora de explicar tanto a Crise de Crimea como a Guerra do Donbas.

En base a estes tres obxectivos, plantexarei tres hipóteses a confirmar ou refutar, cada unha relacionada con cada un dos obxectivos, polo que estas serán representadas nesa mesma orde. Polo que as hipóteses que funcionan como resposta a eses tres obxectivos que orientan o traballo son as seguintes:

HIPÓTESE 1: Ambos casos, aínda que podan ter unha orixe política similar, non comparten similitudes no que ao tipo de conflito se refire e na evolución temporal e militar dos mesmos.

HIPÓTESE 2: As relacións entre ambos países ao longo da historia marcará as relacións diplomáticas de ambos países a día de hoxe.

HIPÓTESE 3: O factor étnico será a peza clave para entender tanto a Crise de Crimea como a Guerra do Donbas.

En referencia ás posibles precisións conceptuais que permitan entender dun xeito correcto o propio traballo de investigación considero relevante facer fincapé nun dos casos, que aínda que non é un concepto como tal é desexable clarificalo para evitar erros na lectura. Con esta cuestión refírome á Crise de Crimea, que comezará no ano 2014 e que cómpre diferenciar da Guerra de Crimea, conflito do século XIX que enfrontaría ao Imperio Ruso e o Reino de Grecia contra o Imperio otomán, Francia, Reino Unido e o Reino de Cerdeña. Neste senso, aínda que polo momento non realizarei ningunha precisión máis, ao longo do traballo isto poderá ir cambiando e cuestións que agora quizais poden pasar inadvertidas serán precisadas para mellorar a calidade do mesmo.

Por último, comentar que a nivel de delimitación temporal, o caso de estudo principal que serán ambos conflitos, terán como data de comezo o ano 2014, aínda que a retrospectiva histórica será precisa en todo momento tanto como para a primeira parte máis histórica como para pequenas referencias que se puideran facer dentro desa segunda parte. No que respecta á delimitación poboacional gustaríame facer unha breve referencia á cuestión xeográfica, como é obvio o estudo estará centrado tanto en Ucraína como en Rusia, prestando especial atención ás rexións afectadas polas cuestións tratadas, a península de Crimea e a rexión de Donbas, que serán presentados ao longo do traballo.

C. METODOLOXÍA

Neste apartado farei referencia ao tipo de metodoloxía que empregarei ao longo do traballo para acadar os obxectivos definidos. Neste senso podemos nun primeiro momento aclarar que o tipo de metodoloxía virá marcada claramente por dúas cuestións, pola tipoloxía do estudo e polos recursos e coñecementos dispoñibles. Polo tanto, a maior parte da investigación terá como principal estratexia de investigación a revisión bibliográfica tradicional. Deste xeito serán incluídas referencias tanto como de monografías ou artigos académicos que tratarán tanto sobre os conflitos concretos, como sobre a teoría das Relacións Internacionais, a teoría dos conflitos ou simplemente históricos, sendo tamén relevantes os documentos oficiais e xornalísticos para certas partes do traballo.

Neste senso, a pesares de que a revisión bibliográfica será un elemento vertebrador do traballo realizado, non se pode deixar a un lado a intención compartiva, que estará presente na

parte final do traballo, que buscará analizar as posibles semellanzas e diferenzas entre ambos casos. Sen dúbida, un traballo previo de documentación será o paso clave para a boa aplicación desta metodoloxía, contando con numerosas fontes, que permitan na medida do posible, entender dun xeito plural e detallado os casos de estudo. Esta metodoloxía será polo tanto ao meu parecer a máis adecuada para o caso escollido en base ao contexto, recursos e tempo dispoñible. Sen embargo, son consciente das limitacións que a mesma trae consigo, destacando ademais as múltiples oportunidades que este tema podería ofrecer coa aplicación doutro tipo de metodoloxías, como podería ser as entrevistas ou os grupos de discusión.

D. PLAN DE TRABALLO

Como última cuestión a tratar dentro deste apartado introdutorio estará a exposición do plan de traballo. O obxectivo deste apartado será comentar dun xeito breve a estrutura do traballo e como se traballará en cada un dos capítulos do mesmo.

Neste senso, o traballo estará dividido en seis capítulos, contando o resumo e a propia introdución. Como ben se acaba de comentar, o primeiro capítulo estará adicado ao resumo e ao abstract, que serven de guía inicial para coñecer a temática do traballo. Nun segundo lugar será plantexado un capítulo propiamente introdutorio, no que se presentarán as cuestións base do estudo, como son os obxectivos, as preguntas de investigación, a xustificación, a formulación das hipóteses, a presentación da metodoloxía empregada e a exposición duns antecedentes iniciais que permitan entender o contexto político e social no que estes xorden estes conflitos.

O seguinte capítulo, o número tres, estará enfocado dentro da perspectiva histórica e terá como obxectivo coñecer as relacións mantidas entre Ucraína e Rusia ao longo da historia, poñendo especial atención ao período temporal posterior ao colapso da Unión Soviética, sen deixar a un lado a relevancia do resto de etapas históricas previas. O capítulo número catro terá un enfoque teórico, dende o que se analizará o concepto do conflito en profundidade e outros conceptos relacionados co mesmo, así como a teoría do conflito ou ferramentas como a árbore do conflito, que serán claves no seguinte capítulo. Nese capítulo cinco a labor será aplicar a teoría e a ferramenta da árbore aos dous casos de estudo, co obxectivo de coñecerlos máis en detalle, dende os actores dos mesmos ata as causas e consecuencias destes.

O capítulo número seis corresponde coa discusión, apartado no que se tratará de realizar unha comparativa entre ambos casos, co obxectivo de coñecer as posibles diferenzas e

semellanzas que podan manter entre eles. Finalmente, tras realizar o estudo completo se comprobará a validez das hipóteses seleccionadas ao comezo da investigación, sendo as mesmas aceptadas ou refutadas, completando así os obxectivos iniciais do traballo.

III. APROXIMACIÓN HISTÓRICA ÁS RELACIONES ENTRE UCRAÍNA E RUSIA

O obxectivo do seguinte apartado será debullar as relacións mantidas entre Ucraína e Rusia ao longo da súa historia, dende esta perspectiva histórica considero preciso dar a entender dun xeito correcto a historia de ambas nacións ao longo dos séculos. A revisión histórica a pesares de ser relativamente extensa, tratara de revisar os eventos máis importantes ocorridos entre ambos países ata a actualidade, prestando especial atención ás relacións mantidas trala caída do muro de Berlín. Neste primeiro punto debullarei a evolución dos territorios que hoxe en día compoñen Rusia e Ucraína ao longo da historia.

3.1. O RUS DE KIEV: ORIXE E DECADENCIA

Para realizar este traballo cómpre preguntarse cal é a orixe destas nacións e xusto realizando esta pregunta atoparemos a primeira cuestión que relaciona directamente a Ucraína e a Rusia, posto que ambas nacións comparten como referencia histórica da súa orixe o Rus de Kiev. O Rus de Kiev foi a primeira unión federal de tribus eslavas, que se organizarían baixo principados entre os séculos IX e XIII. Cabe destacar as palabras do historiador ucraíno-canadiense S. Yekelchyk (2015) que no seu libro *Conflict in Ukraine* comenta que “hoxe en día o Rus de Kiev é reclamado tanto por ucraínos, bielorrusos e rusos como base fundamental das súas respectivas tradicións estatais”. Como comentaba, os principados que conformaban o Rus de Kiev ocupaban territorios que hoxe en día pertencen tanto á Ucraína, Rusia e Bielorrusia modernas.

Ilustración 1. Principados do Rus de Kiev (1054-1132)



Fonte: 1 Wikimedia commons

A partires do século XIII o Rus de Kiev sufrirá un declive progresivo marcado polas loitas de poder e as divisións entre principados, conflitos internos que costarán caro ao futuro do Rus. No ano 1237 os mongoles chegarán á fronteira sueste do Rus de Kiev, máis concretamente ao Principado de Riazán dende onde comezarán unha campaña de ocupación, sometemento así a tódolos antigos principados que formaban o Rus de Kiev (Hosking, 2014). Tras catro séculos marcados polas loitas internas e as divisións entre principados, os mongoles porían fin ao Rus de Kiev, provocando a fragmentación do mesmo en varios principados. Cabe destacar a relevancia deste punto xa que suporá a división dos camiños dos territorios que nun futuro conformarán a Ucraína e a Rusia modernas.

3.2 INVASIÓN MONGOLA, O NACEMENTO DO PRINCIPADO DE MOSCÚ

Como comentaba, o declive do Rus de Kiev e a posterior invasión mongola provocarán que o Rus se dividirá en varios principados. A invasión mongola a mans do *khanato* mongol, a Horda de Ouro, suporá o sometemento destes principados, aos que se lles autorizaría o autogoberno mentres que mostrasen obediencia, ademais sería designado a cada un dos principados un recadador de impostos mongol (Hosking, 2014). Durante este tempo non tódolos antigos principados do Rus estarían baixo o xugo mongol, posto que os principados máis occidentais serían ocupados ao longo do século XIV por parte do Gran Ducado de Lituania (Yekelchyk, 2015). Esta cuestión é relevante dado que definitivamente marcará esa división de camiños da que falabamos antes, pasando os principados suroccidentais que conforman o actual territorio nacional de Ucraína a formar parte do Gran Ducado de Lituania². Neste punto cabe destacar a batalla das Aguas Azuis, que en 1362 enfrontaría a Lituania fronte a Horda de Ouro, que caería derrotada, provocando a perda de Kiev e da maior parte das terras orixinarias do Rus (Hosking, 2014).

Por este lado, podemos ver como os territorios que conformarían a futura Ucraína quedarían baixo o dominio do Gran Ducado de Lituania, mentres tanto, o resto de antigos principados do Rus seguían baixo dominio mongol. Neste contexto de dominio mongol, os antigos territorios ao oeste do antigo Rus de Kiev quedarían integrados no Principado de Galicia-Volhynia (Subtelny, 2009), mentres que os territorios que conforman a actual Rusia quedarían integrados en tres principados a partir da desintegración do Principado de Vladimir. Este principado quedaría dividido trala invasión mongola nunha decena de pequenos principados. Deses once principados, soamente o Principado de Tver, o Principado de Moscú e o Principado de Novgorod rematarían loitando polo poder na zona norte do antigo Rus de Kiev. Mentres que o Principado de Novgorod lograría negociar un acordo cos invasores mongois para poder autogobernarse, o Principado de Moscú e Tver rivalizarían polo poder para conseguir o título de Gran Príncipe de Vladimir, título que era outorgado pola autoridade mongola. (Hosking, 2014).

² O Gran Ducado de Lituania, xa mencionado previamente, foi un Estado europeo presente entre os séculos XIV e XVI que ocupaba parte dos actuais territorios de Lituania, Bielorrusia e Ucraína.

En 1326, os mongois outorgarían a Aleksandr, Príncipe de Tver, o permiso para poder gobernar como Gran Príncipe de Vladimir, sen embargo, un ano despois tralo intento fallido do líder mongol de substituír no poder de xeito forzoso a Aleksandr, terán lugar unha serie de revoltas no Principado de Tver, coñecidas como a Sublevación de Tver que rematarán coa Horda de Ouro lanzando unha ofensiva para poñer orde na zona (Fennell, 1967). Neste punto comeza a ter relevancia o papel do Principado de Moscú, posto que aproveitando a situación mostraría directamente o seu apoio á Horda de Ouro cun dobre obxectivo, por un lado, gañar influencia cos invasores mongois e, por outro lado, eliminar aos seus principais rivais polo control da zona, o Principado de Tver (Hosking, 2014).

Este será un punto clave na historia antiga de Rusia, pois suporá o comezo do crecemento tanto xeográfico como en termos de poder do que nun futuro será a actual Rusia. Este apoio ás autoridades mongolas sería recompensado mediante o nombramento de Ivan Kalitá, o Príncipe de Moscú como recadador de tributos para os mongoles, ademais de mellorar a súa relación coa Horda de Ouro, provocaría que o seu principado puidera enriquecerse e comezar a gañar apoios políticos na zona. Neste punto, onde o Principado de Moscú se atopaba nun crecemento acelerado baixo o control mongol haberá tres eventos que marcarán dun xeito claro e diferencia a influencia política deste territorio na zona. O primeiro evento a destacar será o ocorrido en 1325 cando o Metropolitano Pedro, líder da Igrexa Ortodoxa, traslade a súa residencia dende Kiev ata Moscú, feito que remarcará o auxe do principado moscovita no territorio, converténdose no centro do poder da área noreste do antigo Rus de Kiev (Hosking, 2014). O segundo evento virá marcado polas ansias de vinganza do Principado de Tver e pola decadente situación da Horda de Ouro que rematará co enfrontamento entre o Principado de Moscú aliado xunto a outros principados rusos contra a Horda de Ouro na Batalla de Kulikovo, no ano 1380 (Millar, 2003). Este evento suporá o primeiro enfrontamento directo entre o Principado de Moscú cos mongois, aos que vencerán, marcando o inicio do fin do control mongol sobre o principado moscovita. Aínda que Moscú comezou a ser recoñecida como potencia aglutinadora das forzas cristiás fronte aos musulmáns, os mongois non estaban totalmente vencidos. Durante as seguintes décadas o Principado seguiría crecendo de xeito acelerado, en 1478 absorbería o Principado de Novgorod, unha incorporación moi importante xa que supuso o control total da zona noreste do que era o antigo Rus de Kiev (Hosking, 2014). Será aquí onde o terceiro evento que comentaba será clave, todo este tempo durante o que o Principado de Moscú estaba en crecemento, aínda que as decisións políticas xa non eran consultadas coas autoridades mongolas, seguían baixo o seu control, pagando tributos. Isto será así ata 1480 trala Gran Oposición do Río Ugra, onde o que se comezaría a coñecer como o Gran Principado de Moscú plantaría cara ás forzas mongolas, que

finalmente rematarían por retirarse, este feito poñería fin a 300 anos de ocupación mongola e ao recoñecemento da soberanía do Gran Principado de Moscú sobre a zona (Hosking, 2014).

3.3 O RÉXIME ZARISTA E O HETMANATO

Tras este repaso podemos observar como a relación entre ambos territorios trala caída do Rus de Kiev e despois da ocupación mongola comezará a dividirse. Mentres que os territorios da futura Ucraína rematan maiormente baixo o control primeiro do Gran Ducado de Lituania e máis tarde trala unión dinástica, baixo o control da Mancomunidade Polaca-Lituana; o Gran Principado de Moscú comezaba o seu camiño de xeito independente, rivalizando co Gran Ducado de Lituania. O Gran Principado de Moscú evolucionaría a mediados do século XVI nun réxime zarista, tralo nomeamento do Zar Ivan IV, coñecido popularmente como Iván O Terrible.

A partires deste punto ambos países avanzarán ao longo da historia, cruzándose nela en distintas ocasións, pero xa que o punto de interese do traballo se centra dun xeito principal nas relacións entre a Ucraína e a Rusia post-soviéticas, comentarei de xeito moi breve algún destes episodios. Un destes ocorre a mediados do século XVII onde o réxime zarista prestará o seu apoio aos Cosacos, que loitaban pola independencia dentro da Mancomunidade Polaco-Lituana, a alianza entre Rusia e o Estado Cosaco, que ocupaba os territorios centrais da actual Ucraína, converterían esas terras en protectorado dos Zares rusos, mantendo total autonomía no que a autogoberno se refire. Os Zares rusos se referirían así mesmos como os gobernantes da Gran e Pequena Rusia, en referencia a Rusia e ao Estado Cosaco, que era coñecido como o Hetmanato (Yekelchyk, 2015). Durante finais do século XVII aparecerá no territorio ucraíno unha figura clave para a súa historia, o Hetman³ Ivan Mazepa, que ante a posición por parte do Zar ruso de restar autonomía aos cosacos lideraría unha conspiración xunto a Suecia contra o Zar ruso. Este levantamento fallido remataría coa morte do cosaco Ivan Mazepa no exilio, sendo empregado o seu apelido dentro do Imperio Ruso⁴ para referirse aos patriotas ou nacionalistas ucraínos como

³ O termo hetman sería empregado de distintos xeitos ao longo da historia da rexión, neste caso vai referido ao título empregado polo príncipe cosaco da área ao este do río Dniéper durante o século XVII (Brittanica, 2016).

⁴ Neste punto faise referencia ao Imperio Ruso, que será proclamado oficialmente no ano 1721 a través do nomeamento por parte do Senado ruso Pedro I como Emperador de todas as Rusias.

mazepistas. Os rusos rematarían por controlar, máis que por protexer os territorios centrais de Ucraína.

A finais do século XVIII a Mancomunidade Polaco-Lituana chegaría ao seu fin a través dunha triple división do seu territorio, que provocaría un novo encontro entre Ucraína e Rusia, posto que parte dese territorio correspondía a territorios ucraínos, que finalmente quedarían repartidos entre o Imperio Austríaco e o Imperio Ruso, que tras enfrontarse ao Imperio Otomán tomaría tamén control dos territorios do sur de Ucraína. Nacerá neste contexto a idea de Ucraína como nación, esta partición marcará o inicio do nacionalismo moderno ucraíno, que se virá reflexado durante a I Guerra Mundial, onde os ucraínos de ambos bandos comprenderán e defenderán que o máis positivo para poder construír un Estado ucraíno independente sería que ambos Imperios foran derrotados (Yekelchyk, 2015).

3.4. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL, A REVOLUCIÓN BOLCHEVIQUE E O PERÍODO DE ENTREGUERRA

No momento que comeza a Primeira Guerra Mundial en 1914 polo que podemos ver o territorio ucraíno estaba dividido entre dous dos imperios máis poderosos de Europa, durante a guerra se vivirán nestes territorios confrontamentos bélicos activos con avances, conquistas e reconquistas, o que supuxo que pasarán dunhas mans a outras, rematando finalmente en mans do Imperio Ruso. Durante este conflito bélico se produciu en Febreiro de 1917 dentro do Imperio Ruso o que se coñece como a Revolución Rusa que remataría coa instauración do Goberno Provisional, que introduciría dereitos básicos como a liberdade de expresión e reunión ou a eliminación das restricións zaristas sobre as minorías, como os ucraínos, que vivían un proceso de rusificación imposto polo Imperio no que se lles prohibía o uso da lingua ucraína en calquera contexto. O rexurdimento da prensa escrita en ucraíno e a formación de numerosas asociacións culturais e profesionais, ademais de partidos políticos aceleraría a vida nacional de Ucraína (Yekelchyk, 2015). En marzo dese mesmo ano se crea a Rada Central en Kiev, consituída como un corpo de representación propiamente ucraíno, esta será declarada en abril como a máxima autoridade en Ucraína durante o primeiro Congreso Nacional Ucraína (Subtelny, 2009). Neste Congreso se

reivindicarían como obxectivos a autonomía territorial de Ucraína e a transformación de Rusia nunha república federativa e democrática, neste senso o Goberno Provisional Ruso recoñecería o dereito á autonomía de Ucraína e o recoñecemento da Rada Central como un corpo representativo lexítimo, sen embargo xurdirían problemas e disputas a nivel territorial e político.

En novembro de 1917 se produce a Revolución Bolchevique, tamén coñecida como Revolución de Outubro, isto provocaría un deterioro nas relacións ruso-ucraínas, non sendo recoñecida a autoridade bolchevique por Ucraína. Esta cuestión levaría ás institucións ucraínas a proclamar o nacemento da República Nacional Ucraína nese mesmo mes, sendo en xaneiro de 1918 cando se remataría por declarar a independencia do que será a República Popular Ucraína, que buscará firmar a paz coas Potencias Centrais⁵ para buscar o seu recoñecemento internacional e o apoio militar destas. Ao mesmo tempo que as autoridades ucraínas realizan estes movementos, os bolcheviques considerando a Ucraína como unha república soviética forman un goberno de oposición que será coñecido como a República Popular Ucraína dos Soviétos. Os bolcheviques mobilizarán tropas e tomarán Kiev en febreiro de 1918, sendo expulsados a través do apoio alemán e volvendo a instaurarse o goberno da Rada Central. Os alemáns empregarían esta influencia directa en Ucraína para reemprazar mediante un golpe de estado ao goberno socialista ucraíno da Rada Central, impoñendo un candidato de perfil conservador aliñado cos intereses alemáns. O fin da Primeira Guerra Mundial supuxo a caída do goberno imposto polos alemáns en Ucraína, este sería derrotado polo Directorio da República Popular Ucraína, que tería que plantar cara á invasión de Ucraína por parte dos bolcheviques. Tras este punto, se viviu unha etapa complexa coa guerra polos territorios occidentais ucraína contra Polonia, a ocupación de Kiev polos soviéticos, sendo finalmente entre 1921 e 1922, o Directorio derrotado, caendo as últimas formas de resistencia dos nacionalistas ucraínos ante o Exército Vermello, pasando así Ucraína a formar parte como República Socialista Soviética de Ucraína da URSS en decembro de 1922 (Yekelchuk, 2015).

A partires da integración de Ucraína como República Socialista dentro da Unión Soviética se viviron unha serie de episodios a destacar, que sucederían ao longo do período de entreguerras, antes de que dera comezo a Segunda Guerra Mundial. Por un lado cabe destacar que certas rexións do territorio ucraíno serían repartidas entre Polonia, Romanía e Checoslovaquia, quedando así algo reducido o territorio da Ucraína Soviética. Neste punto, as

⁵ O respectado parlamentario ucraíno, Kost Levytsky declararíase que “*a victoria do Imperio Austro-Húngaro será a nosa vitoria, canto maior sexa derrota de Rusia, máis pronto chegará a hora da liberación de Ucraína*”. Isto é mostra da simpatía coa que certos sectores recibían un posible apoio exterior do bando das Potencias Centrais, patrón que como veremos, repetírase no futuro.

autoridades bolcheviques estaban interesadas en aplicar ás distintas repúblicas a teoría da indixenización desenvolta orixinalmente por Stalin e que tiña por obxectivo disipar o sentimento nacional e facer atractiva a Unión Soviética para as nacións colonizadas, neste caso en referencia ás Repúblicas. No caso ucraíno, sería coñecido como Ucrainización o proceso polo que se buscaría promover a lingua e cultura local dende o Estado e á vez aplicar programas para aumentar a participación da cidadanía ucraína neste caso na administración da República Soviética. Este proceso tería efectos moi positivos no que se refire á publicación en lingua ucraína e na educación da mesma, así como nos porcentaxes de ucraínos étnicos dentro do Partido Comunista de Ucraína, que ascendeu en 11 anos dun 23% a un 60% (Yekelchik, 2015).

Deixando algo de lado a cuestión do reparto territorial e do proceso de indixenización, hai que destacar un evento histórico que aínda a día de hoxe xera unha enorme controversia e polémica, o coñecido como Holodomor. Este termo se refire a situación de fame extrema que se viviu en Ucraína entre 1932 e 1933 durante a campaña de colectivización forzosa das terras de cultivo implementada polas autoridades soviéticas co obxectivo de establecer o seu poder nas zonas rurais e de transformar a economía mediante o control das terras de cultivo, o que permitiría planificar as colleitas. O conflito nace no momento no que os campesiños ucraínos donos de pequenos terreos de cultivo se resisten á colectivización e a abandonar as súas terras, ocultando gran ou mesmo rebelándose contra as autoridades. Esta cuestión, xunto á escasa colleita durante 1932 provocaría o descontento das autoridades en Moscú, que aplicarían unha serie de represalias como a confiscación de alimentos nas zonas rurais e o establecemento de guardas fronteirizos que impedirían aos campesiños ucraínos atravesar a fronteira para buscar alimentos. Todo isto provocaría que dende 1931 ata 1933 un gran número de ucraínos morrerán de inanición, no que se refire ao número total de falecidos é complicado saber cal é exactamente, xa que as autoridades soviéticas non recolleron datos oficiais durante esa etapa. Sen embargo, diversos historiadores falan de que as cifras rondan entre os 3 e os 3,5 millóns de persoas falecidas directamente de fame en Ucraína durante eses tres anos (Yekelchik, 2015). Esta cuestión aínda xera moita polémica a día de hoxe, pero sen dúbida é considerada pola cidadanía ucraína como a maior catástrofe nacional da súa historia. Cómpre comentar que se ben falábase antes do éxito do proceso de ucrainización e do ascenso na porcentaxe de poboación étnica ucraína dentro do Partido Comunista Ucraíno, un historiador de orixe norteamericano, Terry Martin, chegaría á conclusión de que Stalin viu nesas negativas e confrontacións dos campesiños ucraínos fronte a colectivización unha conexión cunha suposta conspiración de nacionalistas ucraínos ligada á campaña de Ucrainización, rematando esta sospeita cunha purga de cargos no Partido Comunista de Ucraína (Martin, 2001).

3.5. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Tras isto pasaremos a comentar o seguinte episodio máis importante na historia contemporánea de Europa, a Segunda Guerra Mundial, se tratará de observar este episodio seguindo a perspectiva formulada ao longo deste apartado, coa mira posta nas relacións entre Rusia e Ucraína durante o conflito. Este conflito da comezo en 1939 coa invasión por parte de Alemaña nazi de Polonia, neste momento a URSS mantiña en secreto un Pacto de non agresión coa potencia xermana, o Pacto de Ribbentrop-Molotov, no que se incluía que as rexións de Galicia e Volhynia ao Este de Polonia pasarían a formar parte da República Ucraína. Neste punto, parte de poboación étnica ucraína se atoparía baixo o control nazi nas zonas fronteirizas entre Ucraína e Polonia, pero en xuño de 1941, o exército nazi lanzaría unha ofensiva para invadir a Unión Soviética. A finais de novembro dese mesmo ano os territorios pertencentes á República Ucraína quedarían baixo control da Alemaña nazi, baixo o seu control sufriría a perda de territorios cara outros países por decisión das autoridades nazis. A “política racial” de exterminación implementada pola Alemaña nazi nos territorios que controlaba comezaría en Ucraína a finais de 1941, destaca así a masacre de Baby Yar, este no me vén en referencia a un barranco que se atopaba nos límites da cidade de Kiev. Nesta localización o exército alemán asasinaría en dous días a un total de 33.771 xudeus, ademais disto esta localización sería empregada para executar tamén a disidentes ou nacionalistas ucraínos entre outros, calcúlase que un total de 150.000 persoas foron soterradas alí. Calcúlase que entre 1941 e 1944 durante a ocupación nazi de Ucraína foron executados un total de 1,5 millóns de xudeus (Yekelchik, 2015).

Cabe destacar a simpatía inicial coa que certos sectores ucraínos recibiron a chegada dos alemáns, considerando que poderían ser os aliados perfectos para romper vínculos coa Unión Soviética e poder obter unha maior autonomía, sen embargo, as intencións por parte das autoridades alemás eran moi diferentes e a dureza coa que se tratou á poboación ucraína provocou que eses sectores que recibiran a invasión con certa esperanza e simpatía comezarán a organizarse de xeito clandestino e a formar forzas de resistencia. Unha cuestión interesante neste senso é o confrontamento entre organizacións colectivas que loitaban contra os nazis, este é o caso Exército Insurxente Ucraíno fronte ao Movemento Partisano Soviético, que deixaba entrever a forte división entre a poboación ucraína (Subtelny, 2009).

Trala victoria soviética na Batalla de Stalingrado a comezos de 1943, os soviéticos comezarían a avanzar e a recuperar os territorios que cederan ao exército dous anos atrás, será

a finais de 1944 cando o Exército Vermello remate por tomar os territorios correspondentes á República Socialista Soviética Ucraína, pasando a estar baixo control da Unión Soviética de novo. Trala fin da Segunda Guerra Mundial serían reincorporados dentro de Ucraína territorios anteriormente cedidos como Bukovina ou Transcarpathia, en termos xerais se calcula que as perdas humanas de Ucraína durante o conflito ascenden a un número aproximado entre 5 e 7 millóns de persoas, cunha perda moi notable do poboación e unha destrución masiva de cidades, pobos e infraestruturas industriais e agrícolas (Yekelchyk, 2015).

3.6. UCRAÍNA COMO REPÚBLICA INTEGRADA NA URSS: POSGUERRA, CAÍDA E INDEPENDENCIA

O seguinte período histórico que se comentará será o período de posguerra e a etapa baixo a URSS ata a caída do muro de Berlín en 1991. Trala recuperación dos territorios ucraínos por parte do Exército Vermello, comezaría a reconstrución de todo o país, que como comentamos sufrira unha destrución case total tanto de cidades como na industria. Neste senso as autoridades soviéticas porían moito esforzo na reconstrución e na inversión na industria pesada, que recuperaría uns niveis altos de produción a principios da década dos 50 (Subtelny, 2009). No referente á industria agrícola, os avances serían máis lentos que na industria pesada, polo que ata a década dos 60 non se recuperarían os niveis de produción previos ao conflito. Durante a década dos anos 60 xurdiría un movemento disidente contra a Unión Soviética, nutrido especialmente por poboación nova universitaria de familia traballadora que consideraba que o réxime soviético corrompera as ideas base da URSS, o leninismo, a través das políticas de rusificación. Estes colectivos defendían reivindicarse dentro do marco legal para que as institucións realizaran cambios no seu funcionamento, reivindicando tamén a defensa dos valores democráticos e os dereitos humanos (Yekelchyk, 2015). Durante a década dos anos 80 estes colectivos opositores serían perseguidos pola policía secreta soviética, reprimida e encarcerada. As políticas recentralizadoras e as políticas de rusificación continuarían vixentes durante todas estas décadas.

Sería nos últimos anos da Unión Soviética baixo o liderado de Mikhail Gorbachev cando a situación política ucraína mostre signos de cambio, sobre todo pola política de descentralización que se realizou dende Moscú, devolvendo unha maior autonomía ás Repúblicas Soviéticas.

Neste contexto, en 1991 o líder electo da República Socialista Soviética de Rusia, Boris Yeltsin plantaría cara a Gorbachev e comezaría a situarse como defensor da democracia fronte á Unión Soviética, este exemplo serviría como exemplo a outras repúblicas como á República Ucraína.

Todos os eventos vividos neste último ano de vida da Unión Soviética rematarían o día 1 de decembro de 1991, día no que Ucraína convocaría un referendo a nivel nacional para formalizar a súa declaración de independiencia, referendo que sería aprobado por un 92% dos cidadáns da república ucraína, sendo alto tamén a porcentaxe en zonas como Crimea, de maioría étnica rusa (Yekelchuk, 2015). Nese mesmo día sería tamén elixido Leonid Kravchuk como primeiro presidente de Ucraína, éste firmaría o 8 de decembro de 1991 xunto aos líderes da Federación Rusa e de Bielorrusia, os Acordos de Belavezha nos que se declararíase o fin da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas e a creación da Mancomunidade de Estados Independentes (CIS), como organización de cooperación rexional sucesora á URSS. Este acordo coñecido como o Acordo sobre o Establecemento da Mancomunidade de Estados Independentes incluíría a seguinte cláusula no seu Artigo número 5: *“As partes firmantes recoñecerán e respectarán a integridade territorial de cada un e a inviolabilidade das fronteiras existentes dentro do marco da Mancomunidade”*. A forma deste acordo supoñía que Rusia recoñecería e respectaría as fronteiras do país ucraíno sempre e cando este formara parte do CIS, o cal supoñía un avance para Ucraína dado o contexto, pero non sería suficiente no futuro. No ano 1992 ambos países firmarán un acordo para desenvolver máis en profundo as súas relacións interestatais co obxectivo de achegar posicións no que ao recoñecemento das fronteiras mutuas se refería e ademais mellorar as relacións entre os países.

3.7. AS RELACIÓNS TRALA DESINTEGRACIÓN DA URSS

Neste punto, o problema non viña marcado exclusivamente polo recoñecemento das fronteiras, estamos falando dun problema moito máis complexo. Dende a perspectiva rusa se consideraba que a independiencia do país ucraíno era un episodio que non duraría moito tempo, posto que consideraban a Ucraína como parte desa Federación Rusa, unha perspectiva que o que mostra son as ambicións territoriais e expansionistas pasadas de Rusia. Neste contexto, debemos entender cales eran os factores que creaban esta situación tan complexa para o mantemento dunhas relacións diplomáticas correctas entre ambos países. O primeiro destes factores virá marcado polo feito de que trala caída da URSS, cada un dos países que declarou a súa

independencia declaraba tamén como propias as infraestruturas e propiedades soviéticas que se atopaban dentro das súas fronteiras. Esta declaración no caso ucraíno provocará que a Flota Soviética do Mar Negro, establecida no Porto de Sevastopol, na Península de Crimea, pasará a mans ucraínas. Esta base naval era de gran importancia xa que era a base principal da URSS na zona para ter control sobre o Mar Negro e o Mar Mediterráneo (Menon & Rumer, 2015). Sen dúbida, a perda desta constituiría un golpe moi duro a nivel estratéxico e militar para Rusia, pero isto non sería o fin do control ruso na zona.

Ilustración 2. Mapa de Ucraína do ano 2016



Fonte: Perry Castañeda. Library Map Collection

Neste punto considero relevante falar doutra cuestión moi relevante nas relacións mantidas entre ambos países trala caída da Unión Soviética, esta é a cuestión do armamento atómico. Trala desintegración da URSS, unha gran parte do armamento atómico soviético quedaría en territorio ucraíno, convertendo ao país nese momento na terceira potencia nuclear do mundo. Neste estrano contexto Ucraína contaba cun gran arsenal nuclear, pero sen embargo, non tiña acceso aos códigos de lanzamento, que permanecían en Moscú. A partires desta situación, cabe destacar a firma do tratado bilateral coñecido como START I ou Tratado de Redución de Armas estratéxicas, que sería asinado en xuño do ano 1991 entre Estados Unidos e a Unión Soviética. Este acordo comprometía a reducir o arsenal nuclear de ambos países nun 80% (Yekelchik, 2015). Tralo colapso da URSS as condicións e compromisos deste tratado

pasarían ás repúblicas herdeiras da Unión Soviética, entre as que se atopaba Ucraína, que sufriría a presión norte-americana para cumprir estes acordos a cambio de asistencia económica.

As autoridades ucraínas verían desta situación unha oportunidade para poder reforzar a figura internacional de Ucraína e ademais tratar de conseguir a cambio da entrega do material atómico, unha seguridade militar garantida polas potencias occidentais. As autoridades ucraínas, a pesares de ter aceptadas as condicións marcadas polo Tratado para o envío do material nuclear para o seu despeze e ademais aceptar a adhesión ao Tratado de Non Proliferación Nuclear, retrasaría ambos procesos co obxectivo de conseguir unhas mellores garantías antes de cumprir coas condicións marcadas. Estas garantías veríanse traducidas en dúas cuestións fundamentais, por un lado, en 1994 sería firmado en Moscú un memorando entre Rusia, os Estados Unidos e Ucraína polo que se establecía a transferencia das cabezas nucleares restantes a Rusia, a cambio de combustible ruso para as centrais nucleares ucraínas. Ademais disto, en 1994 sería firmado o Memorando de Budapest sobre Garantías de Seguridade onde as cinco maiores potencias nucleares a nivel global entre elas, Rusia, recoñecerían a acción voluntaria de Ucraína pola entrega do seu material nuclear, prometendo “recoñecer a independencia, a soberanía e as fronteiras de Ucraína”. En 1996 remataría oficialmente a transferencia do armamento nuclear e a destrución das instalacións militares que albergaban este material (Menon & Rumer, 2015).

Por outro lado, outra das cuestións que suporían un dos puntos cunha maior tensión trala independencia de Ucraína sería a cuestión da Base Naval de Sevastopol, situada na Península de Crimea. Nun seguinte apartado sera plantexado un breve resumo da historia de Crimea. Cando falamos da Península de Crimea estamos falando da zona de Ucraína cunha maior porcentaxe de poboación étnica rusa, en 1989 se recollía no censo da URSS que case un 70% da poboación que habitaba na península era de orixe étnica rusa fronte a un escaso 30% de orixe étnico ucraíno, sen contar que a zona estaba habitada en gran medida por soldados rusos ocupados na Base Naval de Sevastopol (Yekelchuk, 2015). Trala declaración de independencia ucraína foi establecido que esta base pasaría a estar baixo control de Ucraína, como o resto de instalacións soviéticas en territorio ucraíno, isto remataría cun aumento das tensións entre a independente Ucraína fronte á Federación Rusa, xunto ao aumento das tensións rexistradas na zona. A pesares de que habería oficiais que mostraron lealdade a Ucraína trala creación da Mariña Ucraína, un gran número de oficiais se declararían como leais a Rusia, declarándose isto como un acto de traición que remataría con grandes tensións na zona. Esta situación levaría incluso a que en 1992, o presidente do Comité de Asuntos Exteriores e Relacións Económicas Exteriores ruso, Vladimir Lukin declarará as intencións de anular a decisión tomada en 1954

durante a URSS por Nikita Khrushchev pola que se cedía o control de Crimea á República Socialista Ucraína por motivos administrativos. (Dale, 1997). Se ben estas intencións nunca chegarían a facerse realidade, deixan de manifesto o xeito de pensar que se tiña dende Rusia destes territorios, considerando que a pesares de que pertencían a un Estado soberano, se vían coa capacidade de decidir sobre os mesmos (Dale, 1997).

As tensións respecto á Base Naval de Sevastopol continuarían, pero en maio de 1997 ambos países chegarían a unha serie de acordos, resumidos no Tratado de Partición sobre o Estado e as Condicións da Flota do Mar Negro, pola que se dividiría o control da flota, en termos de embarcacións, armamentos e bases entre Ucraína e Rusia (Dale, 1997). Neste senso cabe destacar que o Tratado permitiría a Rusia manter certo número de tropas e armamento nas bases da península, así mesmo Ucraína arrendará a Rusia un gran número das bases que lle foron adxudicadas, polo que quedarían arrendadas ata o ano 2017, máis tarde cando falemos da propia crise de Crimea en profundidade veremos como afectou todo isto aos tratados e acordos firmados.

Cabe destacar outro feito relevante a nivel militar derivado tamén da declaración de independencia de Ucraína, isto é a cuestión do Distrito Militar Soviético de Kiev, este emprazamento sería empregado durante a URSS como lugar de almacenamento de equipamento militar de alta calidade, pasando a formar parte das Forzas Armadas Ucraínas trala caída da Unión Soviética (Dale, 1997).

Ata este momento falamos de que as relacións entre Rusia e Ucraína trala caída da URSS se volveron canto menos complexas, debido por un lado á cuestión étnica, que afectaba a parte sur e este do país ucraíno e por outro lado, ás tensións derivadas de cuestións militares e xeopolíticas como a Base Naval de Sevastopol, tamén vinculadas dalgún xeito as cuestións étnicas e territoriais. Estas tensións e problemas evitaron que ambos países mantiveran unha relación fluída entre eles, sen embargo, a firma do Tratado sobre a división da Flota do Mar Negro permitiría que estas tensións se reducirán de xeito considerable permitindo a ambos países sentarse a negociar o Tratado de Amizade, Cooperación e Asociación (Dale, 1997). Este Tratado de Amizade entre Rusia e Ucraína que sería firmado en maio de 1997 poría fin a unha década de constantes tensións entre os dous países. Este tratado recollía principalmente o recoñecemento oficial das fronteiras entre ambos países, o recoñecemento da inviolabilidade desas fronteiras e o respecto á integridade territorial. Ademais disto se establecía que as relacións de ambos países serían construídas a través do principio do non emprego da forza ou a ameaza do seu uso, incluíndo unha cláusula onde se especificaba como tal o emprego de presións de

corte económico. Esta cláusula vén claramente marcada pola dependencia do país ucraíno no que a subministro eléctrico se refire, dependencia cuberta por Rusia, deste xeito se quería evitar que se empregase este subministro como unha ferramenta de presión á hora da toma de decisións internas no país. A firma deste Tratado suporía un gran avance nas relacións entre ambos países, posto que suporía a paz entre ambas potencias e unha rebaixa dunhas tensións que levaban toda a década en auxe. Este Tratado seguiría activo ata o ano 2018, catro anos despois da ocupación rusa da Península de Crimea. Tras numerosas reclamacións para romper o tratado dende sectores políticos e sociais en Ucraína, sería en setembro dese mesmo ano cando o Consello de Defensa e Seguridade Nacional ucraíno anunciaría de forma oficial a decisión de non estender por outros dez anos o tratado. Así mesmo o presidente Petro Poroshenko firmaría un decreto polo que se confirmaba esa decisión, a pesares de non ser necesario para a súa aprobación, se levaría a cabo una votación na Verkhovna Rada na que se apoiaría por maioría a decisión. Este evento é un exemplo máis das consecuencias que tivo a ocupación rusa nas relacións entre ambos países, cuestión que seguiremos debatindo máis adiante.

Neste senso para continuar falando de como foron as relacións entre ambos países durante esta década dos anos 90 é preciso volver a falar do CIS. Tanto Rusia como Ucraína eran Estados membros da recién creada Mancomunidade de Estados Independentes, sen embargo, as ambicións do país ruso de contar cunha cooperación máis próxima en campos como a seguridade conxunta ou en coordinación lexislativa empuxarían a que Ucraína en 1993 decidira rexeitar os estatutos da organización, cambiando o seu status de xeito oficial de Estado membro a Estado participante. A pesares deste movemento, o país ucraíno seguiría interesado en manterse na zona de libre comercio cos países do CIS e incluso ratificando en 2011 de novo os acordos para seguir participando na zona (Yekelchuk, 2015). Sen embargo, a partires da ocupación rusa da Península de Crimea en 2014 e o consecuente deterioro das relacións entre ambos países, Ucraína comezará a considerar o abandono oficial da Mancomunidade de Estados Independentes, a partires dese momento o país ucraíno irá reducindo a súa participación na organización ata que no ano 2018, o ex-presidente ucraíno Petro Poroshenko fará oficial a firma dun decreto para abandonar de xeito definitivo o CIS (UNIAN, 2018).

3.8. UCRAÍNA E RUSIA NO SÉCULO XXI

Estas cuestións marcarían dun xeito clave as relacións entre ambos países durante a década dos 90, a finais da mesma, en 1999, sería elixido en Ucraína un novo presidente, Leonid Kuchma. O novo presidente de Ucraína sería acusado e se demostraría que realizara fraude electoral nun referendo constitucional que pretendía restar poderes ao Parlamento (Yekelchuk, 2015). Este feito, sumado ao caso da revelación de gravacións nas que Kuchma aparecía planexando a desaparición de Georgii Gongadze, xornalista especializado en investigar os abusos do goberno que aparecería asasinado, levaría forzosamente a Kuchma a nomear un sucesor no seu cargo, o elixido sería Viktor Yanukovich. Neste punto, tras o nomeamento como sucesor a Yanukovich, un dos principais líderes do partido e político clave de referencia na zona Este do país, especialmente na rexión de Donbas, o goberno ruso comezaría a apoiar abertamente ao novo candidato ucraíno. Tanto a nivel mediático, como a nivel político, o candidato ucraíno vería o seu apoio reforzado pola presenza de Vladimir Putin durante a campaña electoral e o apoio nos medios de comunicación rusos que contan cunha alta audiencia en Ucraína. Este apoio veríase incrementado a partires de setembro, momento no que Yanukovich comezaría a defender o status oficial da lingua rusa en Ucraína (Khineyko, 2005).

As eleccións presidenciais ucraínas de 2004 foron vividas baixo unha gran presión, o enfrontamento entre Yanukovich e Yushchenko foi vivido como unha división entre dous posturas, o achegamento á Rusia de Putin fronte ao achegamento á Unión Europea respectivamente. Neste clima de tensión, o candidato a presidente Yushchenko foi presuntamente envelenado segundo confirmaron informes médicos, aínda que nunca se chegou a certificar, este feito provocaría que o clima no país fora aínda máis tenso, quedando totalmente enrarecido (The Guardian, 2004).

A finais de novembro de 2004 se celebraría a votación da segunda ronda destas eleccións presidenciais, dando por gañador a Viktor Yanukovich, sen embargo neses mesmos días comezarían a chegar acusacións que apuntaban a fraude electoral por distintos motivos, irregularidades nos votos, roubo de urnas electorais ou intimidacións (Kyiv Post, 2009). Todo isto, sumado ao clima que se viviu antes das eleccións levaría a que neses mesmos días foran convocadas na Praza da Independencia de Kiev, tamén coñecida como Maidan concentracións masivas en forma de protesta pola polémica electoral, estas protestas que se extenderían ata xaneiro de 2005 serán coñecidas como a Revolución Laranxa. Todas estas protestas terán éxito e os resultados da segunda volta serán anulados polo Tribunal Supremo Ucraíno, que ordeará


unha repetición desas votacións para decembro dese mesmo ano, onde o candidato Yushchenko sairía vencedor, poñendo fin deste xeito á Revolución Laranxa (Yekelchyk, 2015).

3.9. A HISTORIA DE CRIMEA: TERRITORIO INESTABLE

Ata este momento tratei de revisar as relacións mantidas entre Rusia e Ucraína ao longo da historia, pero antes de continuar coa propia análise dos conflitos, considero preciso falar máis concretamente sobre o papel da península de Crimea ao longo da historia. Como ben comentei anteriormente o obxectivo do traballo ademais de estudar dende a perspectiva a relación destes dous países, será analizar dende a teoría do conflito tanto a Crise de Crimea como a Guerra de Donbas. Por isto considero preciso realizar esa aproximación histórica previa que comentaba unhas liñas máis arriba sobre o papel que xogou ese territorio na historia destes dous países.

O territorio coñecido como Crimea corresponde á rexión peninsular situada na costa Norte do Mar Negro, este territorio se atopa rodeado na súa maioría polo Mar Negro e polo coñecido Mar de Azov, ao Nordeste. A nivel administrativo a península de Crimea pertence ao *oblast* ucraíno coñecido como Kherson, ao que está conectado xeograficamente a través do istmo de Perekop ao Norte da rexión. Na zona Este da península o territorio está separado xeograficamente do territorio ruso polo coñecido como Estreito de Kerch, aínda que existe unha conexión terrestre dende a construción en 2018 dunha ponte entre ambos territorios.

Ilustración 3 Mapa da Península de Crimea



Fonte: *Encyclopedia Britannica* (2014)

Para falar da historia da península de Crimea empregarei a mesma estratexia que cando falei da relación entre Rusia e Ucraína. Desta forma, durante o século X a península de Crimea estaría baixo control do Rus de Kiev ao igual que estaban o resto de territorios da zona nese momento, sería en 1240, durante a ocupación mongola do Rus, cando a península caería en mans do Imperio mongol. A península de Crimea quedaría así baixo o control do khanato mongol da Horda de Ouro durante dous séculos, en 1440 a disolución da Horda de Ouro derivada polas múltiples crises internas levaría á creación de diversos khanatos dentro do territorio anteriormente controlado pola Horda, un deses khanatos sería o Khanato de Crimea (Subtelny, 2009). O Khanato de Crimea sería liderado por un descendente directo de Gengis Khan, Hacı Gray, dinastía que se mantería ata o fin do khanato en 1783. Durante ese período o Khanato de Crimea trataría de buscar alianzas e reforzar as relacións cos territorios máis próximos, como con Lituania e Polonia ou co Imperio Otomán. Neste senso, o Khanato de Crimea solicitou axuda ao Imperio Otomán para conquistar as cidades costeiras do Sur de Crimea, que se atopaban en mans dos xenoveses dende o século XIII, no que establecerán postos comerciais na zona. O Imperio Otomán axudaría ao Khanato de Crimea a expulsar da zona aos xenoveses, quedando eles mesmo con esas cidades costeiras e forzando aos khan de Crimea a aceptar a soberanía otomán no seu territorio, converténdose o Khanato en 1475 nun Estado vasallo do Imperio Otomán (Yekelchyk, 2015). A pesares disto o Khanato mantería certa autonomía e poder sobre o seu territorio, que lles permitiría seguir organizando o seu exército e as súas campañas militares de

saqueo nas terras ucraínas, polacas e lituanas ao Norte de Crimea. Durante os seguintes séculos a península seguiría baixo a soberanía do Imperio Otomán ata finais do século XVIII.

Neste punto, o Imperio Ruso comezaría a gañar poder fronte ao Imperio Otomán, isto sumado ao interese de Rusia por ter acceso ao Mar Negro e a posición estratéxica da Península, levaría a ambas potencias a enfrontarse en numerosas ocasións entre 1768 e 1774 no que se coñecería como as Guerras Ruso-Turcas, que rematarían coa vitoria do Imperio Ruso e a firma do Tratado de Kuchuk-Kainarji. A través deste Tratado se estableceu que o Imperio otomán debía devolver a soberanía ao Khanato de Crimea, pasando a estar baixo influencia rusa e finalmente sendo anexionado en 1783 ao Imperio Ruso por parte da emperatriz rusa Caterina II, tamén coñecida como Caterina a Grande (Millar, 2003). A emperatriz rusa mantivo como obxectivo principal a modernización de Crimea, a través a substitución do sistema administrativo do antigo Khanato polo sistema administrativo establecido no resto de territorios que pertencían ao Imperio Ruso. Ademais disto serían construídas cidades clave a día de hoxe como Sevastopol, fundada en 1783 co obxectivo de converterse na principal base naval do Imperio Ruso.

O seguinte episodio a destacar dentro da historia da península de Crimea seguiría marcado pola rivalidade entre as potencias na zona, e sucedería a mediados do século XIX, entre 1853 e 1856, durante o que se coñecería como a Guerra de Crimea. Este conflito enfrontou ao Imperio Ruso contra unha alianza formada por Francia, Reino Unido e o Imperio Otomán concentrándose os enfrontamentos no territorio da Península de Crimea (Figes, 2011). A península sería invadida polas forzas aliadas durante a guerra, sendo relevante o asedio á cidade de Sevastopol, que tras resistir once meses de asedio caería fronte as forzas aliadas. No seguinte ano sería firmado entre as forzas belixerantes o Tratado de París polo que se poría fin á Guerra de Crimea e no que se pode destacar a condición imposta pola que se lle prohibiría a Rusia ter buques de guerra no Mar Negro.

Este conflito supuxo un punto de inflexión en dous sentidos, por un lado supuxo unha derrota militar moi importante para o Imperio Ruso, que perdería das 880.000 tropas desplegadas un total de 523.250 soldados por diversas causas, entre mortos por combate e por enfermidades (Figes, 2011). Esta derrota reflexou o atraso militar do Imperio Ruso a moitos niveis fronte as potencias occidentais, este atraso xa non viña marcado simplemente polo armamento, que tamén, se non pola falta de formación das tropas ou pola propia incompetencia e ineficacia da estrutura do comando militar ruso. O fin do conflito coincidiría coa morte do zar Nicolás I e o nomeamento do seu fillo, Alexandro como zar de Rusia, este último, sendo consciente do atraso dentro do Imperio levaría a cabo importantes reformas tanto a nivel militar como a nivel social,

como a abolición da servidume. Este conflito suporía ademais un punto de inflexión na historia militar a nivel mundial debido a que foi un dos primeiros conflitos onde se empregaría armamento e tecnoloxías modernas, ademais de ser altamente documentado (Fisher, 2008).

A Península de Crimea seguiría formando parte do Imperio Ruso ata a Revolución de 1917, durante este período os nacionalistas tártaros de Crimea reivindicarían a súa independencia, pasando o goberno da península por diversas mans durante a Guerra Civil Rusa. Nese momento sería fundada a República Nacional de Crimea polos nacionalistas tártaros, sendo estes derrocados polos bolxeviques, que formarían a República Socialista Soviética de Táurida (Mawdsley, 2020). Deste xeito, o territorio sería conquistado sucesivamente tras varias invasións e reconquistas ao longo da Guerra ata a fundación da República Autónoma Socialista Soviética da Crimea en 1921 (Mawdsley, 2020). Esta república quedaría integrada na República Federativa Socialista Soviética Rusa (RFSSR) dentro da Unión Soviética trala vitoria bolxevique na Guerra Civil Rusa, dependendo o territorio de Crimea e as súas principais cidades, como Sevastopol, directamente de Moscú.

Durante a Segunda Guerra Mundial, en 1941 a Península de Crimea sería ocupada polo exército nazi, destacando a resistencia efectuada polo Exército Vermello na cidade de Sevastopol, que aguantaría un ano de asedio nazi. Tras este episodio, toda a península quedaría administrada polas autoridades nazis ata que en maio de 1944 sería reconquistada polo Exército Vermello. As autoridades soviéticas trala reconquista de Crimea tomarían a decisión de expulsar da península a toda a poboación tártara, como castigo por colaborar co exército nazi durante a ocupación (Subtelny, 2009). Ademais en 1945, o status da República Autónoma Socialista Soviética de Crimea sería modificado para pasar a ser un *oblast* autónomo dependente da RFSSR. Como xa comentei previamente neste traballo, en 1954, as autoridades soviéticas transferirían o goberno do *oblast* da Península de Crimea da RFSSR á República Socialista Soviética Ucraína por razóns de proximidade administrativa. Cabe destacar o papel que tivo a península de Crimea durante os seguintes anos, funcionando dun xeito diferente, posto que sería empregada polas autoridades soviéticas como destino turístico para os cidadáns soviéticos das distintas repúblicas.

Como foi comentado anteriormente, tralo colapso da URSS en 1991, a rexión de Crimea seguiría formando parte da Ucraína independente e sería cambiado o seu status polo de República Autónoma. Sen embargo, a situación nos anos seguintes non sería sinxela, o retorno da poboación tártara que fora expulsada durante os anos de control soviético e o nacemento do movemento pro-ruso fixeron que o contexto se complexizara. Durante o ano 1992 o Parlamento

de Crimea, renomearía como República de Crimea á República Autónoma, sen a autorización das autoridades ucraínas e meses despois declararíaa independencia, establecendo unha constitución e a dobre cidadanía, ruso-ucraína para os cidadáns da rexión de Crimea. Estas cuestións non serían recoñecidas por Ucraína, sen embargo, levaría ás autoridades ucraínas a realizar cesións de autonomía en materia de relacións económicas. As tensións entre as autoridades ucraínas e rusas puideron verse reflexadas durante os anos seguintes na Península de Crimea a través de diversos sucesos como o conflito da Illa de Tuzla en 2003 (Murphy, 2003) ou a entrega de pasaportes rusos á cidadanía ucraína residente na Península de Crimea en 2008 (Tsukanova, 2008).

Todo isto culminaría coa Crise de Crimea en 2014 que será a cuestión que pasaremos a estudar e analizar a continuación. Tras realizar este análise das relacións mantidas entre Ucraína e Rusia ao longo da historia, pasaremos a observar dende unha perspectiva teórica tanto a Crise de Crimea como o Conflito de Donbas. Se ben, antes de pasar a este apartado cabe destacar a longa traxectoria e as diversas situacións históricas nas que ambos países se atoparon ao longo da historia. O obxectivo deste apartado histórico sempre foi o de expoñer os momentos históricos máis relevantes que dalgún xeito marcarían a historia de ambos países e que permitirían comprender mellor cuestións futuras destas complexas relacións.

IV. APROXIMACIÓN TEÓRICA AO CONCEPTO DE CONFLITO

Tras rematar o apartado histórico deste traballo de investigación e seguindo co marcado na introdución, o seguinte apartado a tratar será o adicado ao análise e estudo do conflito dende a perspectiva teórica. Este apartado teórico estará enfocado a realizar unha aproximación aos conceptos clave do tema. O obxectivo polo tanto será gradual, ademais de realizar esa aproximación aos conceptos principais relacionados co tema do traballo, será de interese observar como se analizan os eventos bélicos dende a teoría do conflito. No seguinte capítulo a tarefa será aplicar a teoría do conflito e en xeral, os coñecementos presentados anteriormente aos casos de estudo en concreto, a Guerra de Donbas e a Crise de Crimea.

4.1. DO CONFLITO AO CONFLITO ARMADO

Deste xeito o primeiro que considero relevante facer dentro deste apartado teórico é poñer sobre a mesa a cuestión de que os conceptos clave que analizarei ao longo desta parte do traballo estarán relacionados coa idea de conflito. Polo tanto para realizar dun xeito adecuado esta aproximación, considero que será de interese achegar unha idea xeral do que se entende como conflito. Para falar do concepto de conflito cómpre partir da base de que falamos dun proceso presente na historia dende a orixe do ser humano en todo tipo de contextos, é dicir é un concepto presente en todos os niveis e planos da vida humana. Deste xeito quero tratar de trazar un camiño, entre esa visión xeral do que é un conflito, ata chegar á idea de conflito que corresponde ca cuestión estudada, é dicir, o conflito armado. Cando se fala de conflito, tradicionalmente se entende éste como as tensións derivadas da toma de decisións entre varias opcións, que as veces son manifestadas a través de confrontacións entre forzas sociais (Dahrendorf, 1959). Este tipo de tensións, como xa comentei anteriormente, poden darse en calquera tipo de relación humana e a tódolos niveis, xa sexa organizacional, internacional, nacional ou comunal entre outras. En certas ocasións, a comparación entre conceptos axudan dalgún xeito a entendelos mellor, polo que considero de interese achegar a visión do politólogo sur coreano Ho-Won Jeong sobre a idea. O autor considera que o conflito é unha forma intensa de competición, entendendo o conflito como algo inherente á esencia do comportamento humano e polo tanto, inevitable. En referencia a esa competición, sinala que a pesares de ser ambos conceptos comparables, non supoñen o mesmo, mentres que na competición, os actores loitan por conseguir uns obxectivos a partires dunhas normas e regulamentos marcados; o conflito supón conseguir eses obxectivos nun contexto de anarquía onde danar ou destruír ao adversario son opcións válidas para chegar ao obxectivo marcado (Jeong, 2008).

Deste xeito, xa nos estamos achegando a unha visión máis profunda e específica do que é o conflito, por un lado, é un elemento universal, presente en tódolos contextos humanos, na que unha suma de tensións provocan confrontación. Sumado a isto, en palabras do sociólogo e experto no estudo de conflitos sociais, Louis Kriesberg (1998), o conflito é “*unha situación na que dous ou máis actores, tales como individuos, grupos ou sociedades, perseguen obxectivos incompatibles, incluíndo, un disenso sobre a distribución, propiedade ou lexitimidade dun obxectivo específico*”. Dun xeito máis preciso, podemos observar que esas tensións veñen marcadas polas diferenzas dos actores involucrados na busca de obxectivos incompatibles entre eles. Esta dificultade que xorde á hora de compracer as aspiracións de todo o mundo é a esencia natural do conflito (Pruitt & Kim, 2004). Polo tanto, sumada a esta incompatibilidade de obxectivos e retrocedendo a esa comparación entre conflito e competición, debemos entender que no contexto do conflito, nun escenario sen unhas regras prescritas, o desexo de alcanzar eses obxectivos se volve dalgún xeito máis intenso. Desta forma, a dinámica presente nos conflitos leva a que as partes involucradas traten de controlar o comportamento da outra parte ou en ocasións, mesmo a empregar a violencia como método para dominar na disputa sobre o poder, o prestixio ou uns intereses materiais (Jeong, 2008).

4.2. A VIOLENCIA COMO ELEMENTO VERTEBRADOR DO CONFLITO ARMADO

A entrada do elemento da violencia dentro dun conflito supón un cambio na forma na que entendemos o mesmo, isto se debe, a que a pesares de que os conflitos supoñen unhas tensións e unha confrontación entre partes debido a uns obxectivos incompatibles, estes non son sempre violentos. Os conflitos non levan a violencia na súa esencia, pero cando esta forma parte do conflito, debemos entender o mesmo como un conflito armado. Baixo este novo concepto de conflito armado nos atopamos ante un contexto no que as partes involucradas recorren ao uso da forza, da violencia para conseguir os seus obxectivos. O recurso da violencia provoca inevitablemente un dano físico entre as partes, este dano físico, sumado á incompatibilidade de obxectivos provoca que as relacións entre os bandos sexan irreconciliables, o que dificulta polo tanto a comunicación e a posible resolución da propia cuestión. Polo tanto, cando se fala de conflito armado se entende o mesmo como un tipo de conflito, desta forma estamos nun nivel

máis reducido dentro da categoría de conflito como tal e achegándonos así ao concepto clave e de principal interese no traballo.

Por isto mesmo considero preciso presentar unha serie de definicións sobre o concepto de conflito armado, en primeiro lugar, citando a Fisas (2004), un conflito armado é *“Todo enfrontamento protagonizado por grupos de diversa índole, tales como forzas militares regulares ou irregulares, grupos armados de oposición, grupos paramilitares ou comunidades étnicas ou relixiosas que, con armas ou outros medios de destrución, e organizados, provocan máis de cen vítimas nun ano a través de actos intencionados, sexa cal sexa a súa xustificación”*. A cifra de cen mortos é, por suposto, un indicador que debe relativizarse en función doutros elementos, como a poboación total do país e o alcance xeográfico do conflito armado, así como o nivel de destrución xerada e os desprazamentos forzados de poboación que conleva” (Fisas, 2004). Seguindo esta definición de Fisas na que trata de outorgar aos conflitos unha categoría en termos cuantitativos segundo o número de vítimas por ano, podemos atopar outras como a realizada polo investigador de paz e conflitos sueco Peter Wallensteen xunto á investigadora da Universidade de Uppsala Margareta Sollenberg, que entenden os conflitos armados como *“conflictos políticos onde o uso da forza por parte de dous bandos, sendo polo menos un deles o Goberno dun Estado, resulta en polo menos 25 mortes vinculadas con enfrontamentos bélicos”* (Wallensteen & Sollenberg, 1988)

Entre ambas definicións de conflitos podemos ver uns trazos comúns á hora de analizar este concepto, por un lado, o que máis podería chamar a atención de primeiras debido a diferenza entre ambas visións é o número de vítimas; outro dos elementos comúns serían os actores involucrados no conflito que poderán variar segundo a tipoloxía do conflito, que será o último trazo común á hora de definir o conflito armado. Antes de rematar con esta cuestión conceptual gustárame comentar dúas cuestións relacionadas co conflito e co conflito armado. A primeira destas cuestións ten que ver co proceso do conflito, a dinámica destes é normalmente comparada coa dinámica natural dun ser vivo, os conflitos xorden a partires dun certo contexto, avanza cara unha etapa de escalada e finalmente rematan a través dun proceso de desescalada. A segunda cuestión vai en relación co concepto de conflito armado, en relación co concepto de guerra, ambos conceptos xeran confusión entre as diferenzas que podan manter entre eles, para evitar isto podemos recorrer á definición de guerra do internacionalista norte americano Kenneth Waltz, que entendía a guerra como *“un estado declarado de agresión mutua entre dúas ou máis partes formadas por soldados convencionais (uniformados e armados), co*

coñecemento e observación dunha terceira parte (neutral) encargada de comprobar que os actos estean dentro dos marcos regulativos establecidos” (Waltz, 2008).

Neste punto gustaríame facer un breve repaso do analizado ata agora e dos seguintes pasos a dar neste apartado teórico, ata o momento foron revisados e presentados o concepto de conflito e o concepto de conflito armado, elementos clave neste traballo. A partires deste momento, unha vez presentado o concepto a tratar, o obxectivo será dobre, por unha parte, tratarei de realizar unha revisión das tipoloxías dos conflitos, poñendo maior interese nas características do que se coñecen como “novas guerras”; para finalizar realizarei unha exposición da ferramenta coñecida como árbore do conflito, clave para analizalos, ademais de presentar os elementos principais do mesmo.

4.3. ACHEGAS Á TIPOLOXÍA DO CONFLITO

Tras presentar o concepto de conflito é preciso achegar unha visión sinxela e práctica da tipoloxía dos mesmos, será clave entender que esta clasificación non será homoxénea xa que variará segundo a perspectiva do autor. O obxectivo polo tanto será presentar as principais aportacións no que á cuestión se refire. Como ben falamos ao comezo do apartado, o concepto de conflito é un concepto amplo, que non está vinculado directamente coa violencia ou co tipo de conflito no que nos centramos neste traballo, sen embargo, cómpre mencionar que dentro da tipoloxía do conflito hai autores que fan especial fincapé nas achegas que distintas disciplinas fixeron no que a tipos de conflito se refire. Así presentan como disciplinas como a psicoloxía achegaron o conflito intrapersonal ou a socioloxía o conflito interpersonal ou intragrupal, mentres que a historia ou as ciencias políticas achegaron e identificaron conflitos de tipo interétnico ou interestatal, así como o conflito internacional (Folarin, 2015). Se ben presento esta perspectiva, non será obxecto do traballo analizar cada un dos tipos de conflito, se non prestar unha maior atención a aqueles que sexan clave no propio traballo. Seguindo nesta liña, Ho-Won Jeong (2008) , autor que foi presentado anteriormente, realiza unha interesante distinción entre o que considera conflitos destrutivos e conflitos construtivos. Neste senso, o autor apunta que mentres que os conflitos destrutivos están sustentados por espirais de escalada que producen danos que se perpetúan a eles mesmos seguidos dunha gran dependencia de ameazas e coaccións; os conflitos construtivos portan un elemento creativo para cambiar sociedades, aqueles que producen cambios positivos, que teñen como obxectivo transformar as relacións de opresión e serven como

vehículo de liberación son considerados como construtivos. Desta forma o autor defende que a pesares de que os conflitos tenden a ter connotacións negativas, non sempre o son, posto que poden ser de utilidade para transformar dun xeito positivos as sociedades e alcanzar os obxectivos e aspiracións dos individuos e grupos da mesma.

Se volvemos ao comentado anteriormente, as achegas realizadas pola disciplina da Relacións Internacionais e a disciplina da Análise e Resolución de Conflitos á tipoloxía de conflito veñen marcadas pola distinción entre conflitos inter-estatais e intra-estatais. Neste senso seguindo a definición ofrecida polo Programa de datos sobre conflitos da Universidade de Uppsala, especializada en investigación sobre Estudos de Paz e Conflito, o conflito intra-estatal é aquel desenvolto entre un goberno e un bando non gobernamental, sen interferencia doutros países. Mentres tanto, o conflito inter-estatal é un tipo de conflito entre dous ou máis gobernos, no que as partes en conflito que declararan inicialmente a incompatibilidade deben ser gobernamentais. Esta cuestión é clave para poder definir un conflito como inter-estatal, posto que en ocasións a existencia de forzas gobernamentais en ambos bandos non implicaría un conflito inter-estatal, como por exemplo no contexto dun conflito intra-estatal internacionalizado, onde se enfronta o goberno e un bando non gobernamental e onde un dos bandos, ou ambos, contan co apoio dun goberno alleo que participa activamente no conflito (UCDP, 2020).

4.4. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO CONFLITO E CARACTERÍSTICAS DAS NOVAS GUERRAS

Os conflitos, os conflitos armados e as guerras levan sendo unha constante na historia humana dende a súa orixe, sen embargo, cada etapa destes conflitos presentaría un tipo de características e elementos que as diferenciarían entre elas. A día de hoxe, os investigadores especializados en conflitos manteñen a distinción entre o que chaman vellas guerras e novas guerras. Un destes autores é Herfried Münkler (2005) que no seu libro “Viejas y nuevas guerras” realizará unha ampla exposición sobre as diferencias entre as vellas e novas guerras, poñendo especial atención ás características das últimas.

As vellas guerras serían aquelas guerras e conflitos enmarcados temporalmente entre finais do século XVIII ata mediados do século XX e serían entendidas como guerras de formación

de Estados. Estas guerras de formación de Estados serían confrontacións entre Estados a través da loita armada con forzas regulares, en campos de batalla e financiadas a través dos impostos. A duración destas guerras a pesares de que en ocasións se prolongarán no tempo eran en xeral de corta duración, sendo resoltas a través de batallas cuxo resultado constituía a base para as inmediatas negociacións de paz (Münkler, 2005). A guerra estaba dalgún xeito regulamentada, se declaraba e se poñía fin á confronta en base a esas regras previamente marcadas.

Fronte as vellas guerras xorde o concepto de novas guerras, estas guerras están enmarcadas temporalmente dende mediados do século XX ata a actualidade e serán entendidas como guerras de desintegración de Estados. Estas guerras de desintegración de Estados estarán marcadas principalmente pola introdución de novos actores supra-estatais aos conflitos tradicionais entre Estados e a diferenza das vellas guerras que se localizaban principalmente en Europa ou Norteamérica, estas novas guerras teñen lugar en países do Terceiro Mundo ou nas periferias tanto do Primeiro como do Segundo Mundo. No que se refire á duración, as novas guerras tenden a prolongarse no tempo, non se seguen unhas regras pactadas como tal, tratando de evitar un enfrontamento maior co inimigo, estas guerras seguen os principios da guerra de longo aguante. Neste senso, os bandos empregan o que se coñece como “defensa estratéxica”, poñen os seus esforzos en manter a súa existencia, sen buscar unha solución militar que puidera poñer fin á guerra, o cal provoca que cando hai suficientes recursos, o conflito se manteña prolongadamente no tempo. Deste xeito se lles atribúe a etiqueta de guerras de baixa intensidade (Münkler, 2005).

Así como comentaba previamente, outra das características máis destacadas das novas guerras e a introdución de novos actores no conflito, actores de carácter supra-estatal, como señores da guerra, empresas de mercenarios ou grupos terroristas entre outros. A introdución deste tipo de actores supón unha des-estatalización da guerra e á vez unha comercialización e privatización da mesma, a perda do monopolio da violencia bélica por parte do Estado se converte nun elemento clave para entender estas novas guerras. As causas destas novas guerras tamén son un punto diferencial destas, mentres que as vellas guerras tiñan unhas causas xeopolíticas, estas novas guerras teñen unha orixe complexa vinculada a factores étnicos ou identitarios. Por outro lado, como característica elemental e diferencial destas guerras fronte ás vellas guerras é o balance de vítimas, mentres que nas vellas guerras a maior parte dos falecidos eran soldados ou mortes no campo de batalla, nestas novas guerras a maior parte das vítimas son civís. Este dato mostra que o poder militar que no seu momento ía dirixido contra os soldados do bando contrario, agora vai dirixido cara a poboación civil, esta poboación é empregada de forma violenta

como ferramenta para aumentar o poder na zona a través da intimidación, ademais doutras cuestións derivadas como os saqueos ou de xeito máis violento, os delitos de connotación sexual como as violacións.

Co obxectivo de completar a panorámica ofrecida sobre a transformacións dos conflitos na era contemporánea realizarei unha breve referencia a dúas autoras que nos últimos anos traballarían sobre o concepto das novas guerras, Caterina García e Mary Kaldor. Pola súa parte, García (2013) argumenta que “*a sociedade internacional estase a enfrontar a vellos e novos retos e ameazas á seguridade, entre eles a conflictividade armada, que aínda sendo unha ameaza tradicional, ésta transformouse como consecuencia das dinámicas rexionais e das particularidades estatais*”. Neste senso, a autora destacara a guerra como un reto á seguridade no presente, unha guerra que como ben argumentaba vivira transformacións que se traducirían nun incremento da dificultade á hora de xestionar os conflitos. Esta complexidade virá marcada segundo Caterina García (2013) pola multi-causalidade das incompatibilidades e o seu carácter estrutural, o incremento do número de actores, destacando pola súa diversidade e vinculado ao feito de que as normas e institucións tradicionais responsables da xestión de conflitos non están actualizadas ao tipo de conflito presente na actualidade. Por outro lado, a académica británica Mary Kaldor (2006) destaca a importancia de non caer en intentos por recrear as vellas guerras, posto que será un impedimento para tratar coa realidade actual. A autora destaca que dentro destas novas guerras se incorporan elementos presentes nas vellas guerras, pero defende que estas deben ser diferenciadas dos conflitos como a Segunda Guerra, se se queren aplicar estratexias alternativas que presten solucións aos conflitos (Kaldor, 2006). Para rematar con este apartado e seguindo coa autora británica, tratarei de sintetizar empregando as súas palabras o que entendo polo concepto de novas guerras. Para Kaldor (2006), ao igual que para Münkler (2005), as novas guerras ocorren nun contexto de desintegración dos Estados, na que están presentes multitude de actores, tanto estatais como non estatais, que dirixirán a violencia cara a poboación civil, sendo escasas as batallas. Estas guerras exacerban a desintegración do Estado, cimentando novas identidades de corte sectario, a nivel étnico, relixioso ou tribal; a creación dunhas novas liñas divisorias dentro dunha mesma comunidade política compartida será un elemento clave destas novas guerras (Kaldor, 2006).

4.5. O CONCEPTO DE META-CONFLITO E A VIOLENCIA

O meta-conflito é un termo empregado nas Relacións Internacionais e na Análise e Resolución de Conflitos para referirse a unha perspectiva de análise dos conflitos que considera que para analizar e resolver dun xeito correcto os conflitos, deben terse en conta as múltiples facetas dos mesmos. Por esta razón, esta perspectiva outorga importancia tanto a factores estruturais como os políticos, económicos ou legislativo, como a factores psico-culturais como as actitudes ou relacións (Fitzduff, 2004). Polo tanto poderíase entender e algúns autores así o fan, que o meta-conflito é máis que unha perspectiva de análise do conflito, se non que é un tipo de conflito, Galtung (1998) por exemplo defende que o meta-conflito é un tipo de conflito que conta coas súas propias dinámicas e que pode quedar arraigado profundamente na cultura do grupo, perpetuando o militarismo, a “gloria” de matar ao “outro” ou a lexitimación da violencia como forma de solucionar o conflito.

Polo tanto, o que se pode observar da perspectiva ofrecida por Galtung (1998) é que o meta-conflito nace a partires do conflito, sendo unha versión agudizada deste e supoñendo un incremento no uso da violencia. Anteriormente falábamos de que a entrada do factor violento, é dicir, o uso da forza, nun conflito, supoñía o paso do conflito ao conflito armado, polo tanto, seguindo con Galtung (1998) considero interesante achegar o seu aporte sobre a violencia e as súas dimensións. Neste senso, o autor presenta a súa teoría da violencia como necesaria ante a existencia dunha teoría do conflito, así diferencia tres tipos de violencia: a directa, a estrutural e a cultural. Mentres que a violencia directa é a forma máis manifesta e evidente da mesma como por exemplo a morte ou a exterminación, é dalgún xeito a máis visible; a violencia estrutural é a violencia inherente aos sistemas sociais, políticos e económicos, vese reflexada na desigualdade á hora de acceder a oportunidades, ao mercado laboral ou a servizos básicos como a sanidade ou a educación; por último a violencia cultural é unha suma dos mitos, de gloria e traumas, en resumo, todo aspecto da cultura empregado para xustificar a violencia directa ou estrutural. Neste punto, o autor propón como resposta a isto, tres pasos, a reconstrución da violencia directa, a reconciliación das partes e a total resolución do conflito (Galtung, 1998)

4.6. OS ELEMENTOS CLAVE DO CONFLITO E A ÁRBORE DO CONFLITO

Á hora de afrontar a análise dun conflito é clave seguir unha estratexia clara, para isto presentarei a ferramenta da árbore do conflito, a través da cal analizarei no seguinte apartado os casos de estudo sinalados previamente. A ferramenta da árbore do conflito é exposta polo especialista británico en transformación de conflitos Simon Fisher (2020) como unha ferramenta que emprega a imaxe dunha árbore par ordear os problemas clave do conflito. Neste senso o autor diferencia tres tipos de problemas e segundo o tipo estarán localizados nunha parte ou noutra da árbore, os problemas que veñen marcados como consecuencias ou efectos estarán localizados nas ramas e follas da árbore; os problemas subxacentes ou as causas están representadas polas raíces da árbore, representando o tronco os problemas centrais. Ademais disto, de xeito simbólico se refire ás sementes ou froitos que caen da árbore á terra, como alimento que mantén vivo o conflito, é dicir, factores que sosteñen a situación.

Deste xeito o autor presenta unha imaxe completa do análise dende o conflito, pasando polo problema central, as causas, as consecuencias ou os factores que manteñen o mesmo. A estas cuestións engadirei na miña análise un apartado de actores, que sen dúbida ao meu parecer, coñecer os actores que participan no conflito e engadilos nesta visión conxunta pode facilitar a análise e entendemento da cuestión.

Como ben comentei anteriormente, nas novas guerras a introdución dos actores supra-estatais será un elemento clave nestes conflitos, polo que debido á gran relevancia dos mesmos considero de interese adicar unhas liñas a falar do rol dos mesmos antes de comezar coa análise dos conflitos en si mesmo. O primeiro a ter en conta á hora de analizar os actores dun conflito é que os actores non se limitan ás partes combatentes no mesmo, se non que existen e están presentes outro tipo de actores con capacidade de influír no conflito. Hai diversos xeitos de clasificar aos actores presentes neste tipo de casos, estas tipoloxías ou clasificación veñen marcadas pola natureza dos mesmos, é dicir, se son actores estatais, organizacións internacionais ou actores non estatais; ou ben polo grado de participación dentro do conflito que os diferenciaría segundo o involucrados que estiveran no mesmo.

V. APLICACIÓN TEÓRICA AOS CASOS DA CRISE DE CRIMEA E A GUERRA DE DONBAS

En base ao comentado no anterior apartado, pasaremos a analizar os dous casos de estudo propostos, a Crise de Crimea e a Guerra de Donbas. Polo tanto, para realizar a propia análise empregaremos a ferramenta da árbore do conflito, presentada anteriormente. O obxectivo será presentar unha imaxe xeral de ambos casos, todo isto través dos elementos explicativos que esta ferramenta ofrece, é dicir, os actores, os problemas, as causas, os efectos e finalmente as cuestións que sosteñen o conflito. Unha vez debullados ambos casos poderá ser posible unha comparación entre ambas, ademais de observar a posible existencia de vínculos entre os mesmos.

Antes de comezar con estes dous casos, considero de interese adxuntar a Ilustración 3, que permite ter unha imaxe máis visual e directa de como é Ucraína e onde están situados os lugares dos que imos falar. Neste caso, a Ilustración 3 mostra ademais dos territorios dos que falaremos, a porcentaxe de poboación que ten o ruso como lingua nativa neses territorios, que será unha cuestión clave a falar en adiante.

Ilustración 4. O ruso como lingua nativa ao este de Ucraína



Fonte: Kofman et al. (2017)

5.1. A CRISE DE CRIMEA

A escolla da Crise de Crimea como primeiro caso a tratar non é casual. Esta elección vén marcada principalmente pola razón de seguir unha liña narrativa que fora temporalmente coherente, que facilite a comprensión e a explicación dos feitos acontecidos.

Antes de nada gustaríame facer un breve apunte sobre a poboación residente na República Autónoma de Crimea nese momento. A maioría da poboación residente na península era de orixe étnico ruso, preto dun 60%, fronte a un 25% de orixe étnica ucraína e un 12% de orixe étnica tártara. No que á lingua nativa se refire, como ben podemos observar na Ilustración 3, o ruso ocupaba o primeiro posto como lingua nativa da poboación, sendo a lingua nai dun 77% dos cidadáns. Deste xeito, a República Autónoma de Crimea supoñía o territorio de toda Ucraína cunha maior acumulación de poboación étnica rusa e de falantes nativos de ruso (Yekelchik, 2015).

Na introdución facíase referencia aos antecedentes inmediatos que dun xeito ou outro rematarían coa explosión destes dous episodios estudados. Neste caso, como xa se comentou, a península de Crimea tivo un papel relevante na historia, pasando por distintas mans e sendo campo de batalla en numerosas ocasións, foi, é e será un punto xeopolítico clave debido á súa localización, converténdose así nun complexo caso de estudo. Partindo disto e botando a mirada atrás, lembramos que durante o ano 2014, a situación política e social vivida en Ucraína foi canto menos caótica. As protestas do Euromaidan derivadas da negativa do Goberno de Yanukovich a proseguir coas negociacións establecidas ca Unión Europea en torno ao Acordo de Asociación suporían un antes e un despois na vida política e social do país, que remataría coa propia caída do Presidente Viktor Yanukovich e polo tanto, do seu goberno. Neste punto cómpre facer unha revisión temporal dos feitos nos días seguintes, a partires da caída do Goberno de Yanukovich. Este será un punto de inflexión na evolución dos acontecementos, xa que suporá dalgún xeito a vitoria dos manifestantes pro-europeístas que formaban parte das protestas do Euromaidan, cómpre aclarar que entre os manifestantes pro-europeístas, que denunciaban a corrupción do Goberno, tamén se atopaban grupos ultra-nacionalistas ucraínos de corte máis radical como o Pravy Sektor, tamén coñecido como “The Right sector”. O día 22 de febreiro, Viktor Yanukovich é destituído como Presidente por maioría polo Parlamento Ucraíno, sendo convocadas unhas novas eleccións. As tensións a partires deste momento volven a incrementarse, como se puido ver o día 26 de febreiro, en Simferopol, a capital da República Autónoma de Crimea, que

corresponde ao ente administrativo baixo o que se atopaba rexida a península de Crimea, dentro do país ucraíno. Nesta cidade produciríanse manifestacións masivas simultáneas que reunirían ao redor do edificio institucional da Verkhovna Rada de Crimea a miles de persoas divididas entre poboación ucraína a favor do achegamento con Rusia fronte a poboación tártara de Crimea e ucraínos unidos a favor do achegamento á Unión Europea (BBC News, 2014b).

A demostración das tensións latentes na península veríase incrementada ao longo desa mesma noite e ao día seguinte. O día 27 de febreiro, soamente cinco días despois da caída do Goberno, na península de Crimea, aproximadamente un total de 60 soldados armados vestidos con uniformes verdes sen identificativos tomarían a Verkhovna Rada de Crimea, o Parlamento, onde se estaba a celebrar unha sesión de emerxencia. Trala ocupación do edificio se levaría a cabo unha votación para retirar do poder ao Goberno de Crimea e nomear como Primeiro Ministro ao líder do partido Unidade Rusa, que obtivera escaso apoio electoral nas últimas eleccións en Crimea. As denuncias dos membros do Parlamento serían numerosas debido ás faltas de garantías á hora de realizar as votacións, declarando membros do propio parlamento, que o seu voto foi contado sen estar eles nin sequera presentes (Interfax Ukraine, 2014a), sendo a ameaza e a intimidación outra ferramenta empregada para sacar a votación adiante (Carbonnel, 2014b). Ademais da toma do Parlamento, homes igualmente uniformados tomarían o edificio correspondente ao Consello de Ministros de Crimea, izando en ambos a bandeira tricolor da Federación Rusa (Interfax Ukraine, 2014). Estas tropas que máis tarde serían coñecidas como “little green men”, en galego, pequenos homes verdes, debido á cor do seu uniforme, estarían tamén presentes ao día seguinte nas tomas do aeroporto internacional de Simferopol e do aeroporto internacional de Sevastopol (Carbonnel, 2014). Ademais da toma de ambos aeroportos, estas tropas tomarían a toma da torre de televisión local e comezarían a establecer controis nas principais estradas da República Autónoma de Crimea, así como no istmo de Perekop, que como xa se comentou previamente é a estreita liña de terra que une a península de Crimea co resto de Ucraína. A principios de marzo serían tomados edificios gobernamentais, sendo retidos numerosos efectivos militares ucraínos dentro das súas bases en distintos puntos do territorio peninsular, á súa vez, o recente escollido Primeiro Ministro da República Autónoma de Crimea, Sergey Aksyonov realizaría unha apelación pública e directa ao Presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin, pedindo asistencia para asegurar a paz e a tranquilidade no territorio.

Esta apelación directa levaría no mesmo día ao Presidente Vladimir Putin a solicitar á Cámara Alta do Parlamento Ruso, permiso para realizar unha intervención militar en Crimea.

Desta forma, V. Putin declararía que “*en relación coa extraordinaria situación desenvolta en Ucraína, a ameaza á vida dos cidadáns da Federación Rusa, os nosos compatriotas, e o persoal das forzas armadas da Federación Rusa destinado en Crimea, eu envío a proposta de empregar as forzas armadas da Federación Rusa en territorio de Ucraína ata a que situación a nivel político e social no país se estabilice*” (Interfax, 2014). A votación sería realizada de forma anónima, sendo aprobada a proposta pola Cámara Alta e sendo despregados 6.000 efectivos na rexión fronteiriza, tomando aeroportos e as estradas principais.

Por parte das autoridades ucraínas non se autorizaría en ningún momento o emprego da forza contra as unidades atacantes en Crimea, cabe destacar que dentro destas forzas atacantes ou sublevadas, hai distincións, que máis tarde serán analizadas no apartado de actores.

O día 6 de marzo dese mesmo ano o Parlamento de Crimea votará en sesión unha iniciativa para reincorporarse á Federación Rusa, presentando que a propia decisión será ratificada vía referendo, que se celebraría finalmente o día 16 de marzo cun 96,77% dos votos a favor de formar parte da Federación Rusa, producíndose ao día seguinte no Parlamento de Crimea, a declaración de independencia, separándose de facto de Ucraína. Desta forma, nos días seguintes, a República Autónoma de Crimea pasaría a formar parte da Federación Rusa como o novo Distrito Federal de Crimea, dividido en dous entes administrativos diferenciados: a República de Crimea e a Cidade Federal de Sevastopol. Os residentes locais adquirirían a nacionalidade rusa de xeito automático a non ser que se negaran a obtela, realizando unha petición de rexeitamento escrita.

Ante este referendo, a posterior declaración de independencia e a conseguinte anexión á Federación Rusa, a actitude de Ucraína sería en todo momento de rexeitamento deste proceso, alegando as graves violacións do Dereito Internacional realizadas por Rusia. O territorio de Crimea sería declarado polo Parlamento ucraíno como territorio baixo ocupación temporal por parte da Federación Rusa. Neste senso, hai que destacar que a intervención militar rusa suporía unha violación non soamente do dereito internacional⁶, por violar a soberanía territorial de Ucraína, se non que suporía unha violación dos tratados xa comentados previamente no apartado introdutorio, o Memorando de Budapest (1994) e o Tratado de Amizade entre Ucraína e a Federación Rusa (1997). No primeiro acordo, tódolos países firmantes, entre os que se incluía Rusia, se comprometían a respectar a integridade territorial de Ucraína, así como tres anos máis

⁶ O Consello de Seguridade da Organización das Nacións Unidas trataría de publicar unha resolución declarando o referendo realizado en Crimea como ilegal, sen embargo, o poder de veto de Rusia ao votar en contra, impediría que saíra adiante.

tarde coa firma do Acordo de Amizade se volvería a recoñecer a inviolabilidade das fronteiras existentes e recoñecemento das mesmas.

Dende a anexión ata a actualidade a península de Crimea é xestionada pola Federación Rusa como un territorio máis do país, polo que a situación sería de estabilidade, sen ningún tipo de conflito destacable que puidera supoñer un cambio no status de Crimea. Cabe destacar a construción por parte de Rusia dunha ponte sería construído durante os últimos anos que cruzaría o estreito de Kerch, unindo vía terrestre a península con territorio ruso.

Unha vez repasados os feitos acontecidos na Crise de Crimea dende o comezo da cuestión ata a actualidade, cómpre agora aplicar ao caso a ferramenta da árbore do conflito. A través da árbore poderemos realizar un análise completo do conflito como xa comentamos en anteriores ocasións, a través dos distintos conceptos que introduce.

Nun primeiro lugar, aínda que na propia árbore non se contempla, consideramos de interese engadir unha referencia aos actores involucrados na Crise vivida en Crimea no ano 2014. A un nivel estatal y sub-estatal poderíamos destacar a tres actores principais, por un lado, o Goberno Ucraíno e o Goberno da República Autónoma de Crimea e, por outro lado, o Goberno Ruso. A mención por separado do Goberno de Ucraína ao Goberno da República Autónoma de Crimea vén marcado pola relevancia adquirida polo mesmo a partires da explosión da crise na península.

A nivel de actores armados non estatais a cuestión é complexa, se ben por un lado, de corte estarían as forzas armadas ucráínas e os corpos de seguridade ucráínos presentes en Crimea, ademais das unidades rusas despregadas en Sebastopol, por outro lado, retrocedendo ao comentado anteriormente, temos aos coñecidos como “little green men”. Estas forzas militares que ocuparon edificios gobernamentais, sitiaron bases militares ucráínas, tomaron aeroportos e estableceron controis nas principais estradas se ben non estaban identificadas, dende ambos lados se defendía unha teoría distinta. Dende o Goberno ucráíno se denunciaba que a Federación Rusa despregara en Crimea unidades militares non identificadas para tomar o control do territorio de xeito ilexítimo. Mentres tanto, dende Rusia, distintas autoridades incluído o presidente da Federación Rusa, Vladimir Putin negaban rotundamente a implicación de forzas militares rusas na zona, denominando a estas unidades presentes como unidades de auto-defensa local (Kremlin, 2014). Sen embargo, meses despois o propio Vladimir Putin admitiría que unidades das forzas armadas da Federación Rusa foron despregadas co obxectivo de bloquear as bases militares ucráínas na zona para evitar un derramamento de sangue (LIGA, 2014). Ademais do

propio presidente, nos anos posteriores comezarían a saír á luz diversas declaracións como a do ex-comandante da Flota Rusa do Mar Negro, o admirante Igor Kasatonov que declararía que as unidades despregadas neses días por toda Crimea e coñecidas como “pequenos homes verdes” eran en realidade unidades das forzas especiais do exército ruso (Urbanska, 2017). Polo tanto, ante as probas mostradas poderíamos falar de que ambos actores armados eran de corte estatal, estando ambos vinculados aos outros dous actores comentados previamente, o Goberno de Ucraína e o Goberno da Federación Rusa.

Ademais dos actores estatais, poderíamos destacar como actores á sociedade civil que estivo presente ao longo deses días a través de protestas masivas como a xa comentada na capital da República Autónoma de Crimea. Estes manifestantes estarían así divididos entre ucráinos partidarios do achegamento a Rusia ou pro-rusos e os ucráinos partidarios do achegamento á Unión Europea entre os que destacan tamén os tártaros de Crimea, a poboación indíxena de Crimea, pertencentes a un grupo étnico propio de orixe turco. Un dos últimos censos realizado no ano 2001 reflexaba que os tártaros de Crimea representaban un 12,1% da poboación total da península, cabe ter en conta a deportación masiva de tártaros realizada a mediados dos anos 40 polas autoridades soviéticas (Yekelchuk, 2015). Por último, como últimos actores relevantes considero de interese comentar ao bloque da Unión Europea, os Estados Unidos de América e outros países aliados como Canadá, Australia ou Xapón, que imporían unha serie de sancións a Rusia como xa comentamos a partires da violación da soberanía ucráína por parte do país eslavo.

Tras este breve apuntamento dos actores presentes na Crise de Crimea, que foran xa presentados de forma máis anárquica ao longo da exposición previa sobre os acontecementos ocorridos durante a crise. O seguinte obxectivo será ir construíndo esa figura da árbore a través dos distintos elementos que a conforman. Isto dotará ao traballo xa non dunha simple presentación e exposición dos feitos, se non dunha análise do ocorrido en base aos feitos previamente expostos.

Nun primeiro lugar, se houbera que definir o problema nuclear ou principal derivado da Crise de Crimea, poderíase dicir que foi a ocupación dun territorio, a República Autónoma de Crimea, pertencente a un país soberano como é Ucraína, por parte dunhas forzas militares ben organizadas e dirixidas co obxectivo de tomar o control do territorio no menor tempo posible, como foron as unidades militares sen identificativos presentes na zona. O problema central, que se corresponde co tronco da árbore non aparece de xeito espontáneo e serán as causas da cuestión as que dean sentido a estes eventos. Estas causas están representadas coas raíces da

árbores, son aquelas cuestións subxacentes, pouco visibles a simple vista pero que conducen inevitablemente ao problema central a tratar.

Á hora de analizar as causas da Crise de Crimea considero de interese nun primeiro momento achegar as distintas narrativas defendidas polos principais actores do caso. Dende o Goberno Ruso viuse o proceso de destitución de Viktor Yanukovich da Presidencia do Goberno ucraíno como un acto totalmente ilexítimo, un proceso que consideraban apoiado e organizado polos Estados Unidos de América, cuns obxectivos puramente expansionistas tralos que se atopaba tamén a OTAN. Dende Rusia, a campaña realizada polo Goberno trataría de debullar o movemento do Euromaidan como un movemento político ultranacionalista de corte fascista, chegando incluso a acusar aos manifestantes de nazis. A estratexia mantida polas autoridades rusas polo tanto estaría baseada na construción da idea de que un movemento anti-democrático, reaccionario, incluso acusado de ser antisemita levara a cabo un golpe de estado en Ucraína. Dende o Kremlin defenderíase a lexitimidade de intervir militarmente se fora preciso, baseándose na petición de apoio militar para restablecer a orde no país, realizada polo que xa era nese momento ex-Presidente de Ucraína, Viktor Yanukovich (Charbonneau, 2014).

A narrativa expresada incluso polo propio Vladimir Putin negaba calquera consideración por parte do Goberno Ruso sobre querer anexionar Crimea á Federación Rusa, defendendo o dereito de autodeterminación das nacións e negándose a responder se apoiaría a celebración dun referendo en Crimea co obxectivo de independizarse de Ucraína. Sen embargo, a narrativa oficial cambiaría pouco tempo despois trala celebración do referendo de independencia en Crimea que supoñía o ingreso de Crimea como territorio da Federación Rusa. Este feito sería empregado para lembrar o pasado ruso do territorio, o gran número de poboación étnica rusa e tamén prestarlle atención aos maltratados dereitos dos tártaros de Crimea, volvendo a negar calquera intervención militar rusa na zona (Kremlin, 2014b)

Mentres tanto, a narrativa defendida dende o Goberno de Ucraína e os sectores civís que se manifestarían durante o Euromaidan contra o achegamento a Rusia sería, claro está, moi distinta. O Euromaidan sería defendido como un símbolo da vitoria do pobo fronte á corrupción e o autoritarismo, mentres que a ocupación militar da República Autónoma de Crimea sería vista como unha agresión directa á soberanía ucraína por parte da Federación Rusa. Neste senso, apuntarían que a propia crise é unha mostra da natureza maliciosa tanto de Rusia como de Occidente e o incumprimento das garantías de seguridade que foran acordadas previamente (Cleary, 2016).

Unha vez observadas ambas narrativas enlazadas co propio desenvolvemento do caso e co elemento da árbore que estabamos a comentar das causas da crise, podemos falar de dous causas principais polas que sucede o conflito e das que derivan o resto de causas. Polo tanto como causas principais que levarán á ocupación militar de Crimea e á anexión da República á Federación Rusa, serán destacables o fracaso das estratexias de presión a Ucraína levadas a cabo dende o Kremlin para romper as súas negociacións coa Unión Europea e o contexto político e social derivado das protestas do Euromaidan. Neste senso, aínda que esas presións chegan a ser efectivas nun primeiro momento, posto que o Presidente ucraíno Viktor Yanukovich chega a suspender a firma do Acordo de Asociación e de Libre Comercio coa Unión, rematarían provocando o estalido de protestas masivas por toda Ucraína que derivarían nas protestas do Euromaidan e polo tanto nun rexurdimento do movemento europeísta.

Estas protestas e manifestacións sumirían ao país nunha atmosfera de certo caos, un contexto político e social de gran descontrol que sería aproveitado pola Federación Rusa para ocupar a República Autónoma de Crimea. Esta ocupación sería un movemento radical, un claro exemplo do uso do poder duro⁷ derivado claramente dunha serie de motivacións, principalmente enmarcadas a partires do fracaso das presións sobre Ucraína. No momento no que esas presións que tiñan como obxectivo evitar que Ucraína se achegara á Unión Europea e á OTAN, fracasan, Rusia vese obrigada a mover ficha bruscamente. De algún xeito, podería dicirse que ese medo a ese posible ingreso de Ucraína na OTAN, con todo o que suporía a nivel xeo-estratéxico e en termos de despregue de tropas, levaría ás autoridades rusas á decisión de ocupar Crimea, o que paralizaría calquera intento de Ucraína á hora de poder unirse á UE ou á Alianza Atlántica. Tamén motivado polos intereses comerciais con Ucraína, dende Rusia interesaba ter un Goberno afastado da OTAN e dos intereses económicos das potencias rivais. A esta reacción hai que engadir dous causas máis que están directamente relacionadas, por un lado, os intereses dende o Kremlin tiñan un carácter xeo-político puro, a península de Crimea constitúe un punto estratéxico clave a nivel militar. A península de Crimea ademais de contar con efectivos militares e bases navais de relevancia, conta con acceso ao Mar Negro, que da acceso ao propio Mar Mediterráneo e controlando a súa vez o acceso ao Mar de Azov.

A estas causas debe sumarse os intereses e motivacións de corte expansionista ou imperialista propias da ideoloxía vixente dentro da Federación Rusa e representadas no seu

⁷ Termo empregado polo politólogo Joseph Nye para referirse á habilidade de conseguir que outros actúen de xeito contrario ás súas preferencias e estratexias principais, a habilidade de coaccionar a través de ameazas e incentivos.

presidente, Vladimir Putin, con continuas referencias ao pasado imperial e aos tempos da Unión Soviética. Estas referencias históricas continuas formarán parte da narrativa e das xustificacións levadas por parte do Goberno Ruso, así como as referencias á alta porcentaxe de poboación étnica rusa e ruso falante residente dentro da República Autónoma de Crimea e a constante necesidade de defender os seus dereitos lingüísticos e civís.

A través da narrativa histórica declarada polo propio presidente Vladimir Putin e outras autoridades rusas, trataban de demostrar que consideraban a Península de Crimea como parte de Rusia, a pesares da transferencia realizada á República Socialista Soviética Ucraína en 1954. A esta narrativa histórica engadirían unha narrativa étnica, cultural e lingüística, polo que defenderían e xustificarian a ocupación de Crimea co fin de protexer aos cidadáns rusos, que segundo a súa narrativa corrían perigo e podían verse ameazados polo levantamento ultra-nacionalista que estaba tomando o país. Nesa liña, presentaban a súa intervención como unha especie de misión de paz para establecer a orde e evitar que ocorrerán episodios de disturbios graves como os ocorridos en Kiev e noutras zonas do país. Esta narrativa étnica ven apoiada polos datos étnicos e lingüísticos de Crimea, que como xa vimos son maiormente rusos tanto a nivel étnico como lingüístico.

O seguinte elemento clave na ferramenta da árbore son as consecuencias, estas cuestións estarán representadas polas follas e as pólas da árbore. Ata este punto puido observarse como a ocupación da península de Crimea, como problema central virá marcado por unhas causas diversas e complexas, neste punto será de interese observar cales serán as consecuencias, factores e problemas derivados da ocupación militar de Crimea.


Neste senso, o tipo de problemas que foron identificados como consecuencias veñen segmentados en tres categorías dentro das que haberá cuestións máis concretas, esas tres categorías son de corte económico, político e étnico. En primeiro lugar e ao meu parecer as consecuencias máis relevantes foron de corte económico. Estas consecuencias económicas veñen marcadas principalmente polas numerosas sancións introducidas pola Unión Europea, os Estados Unidos e outros países aliados a Rusia trala anexión da península de Crimea á Federación Rusa. A primeira ronda de sancións sería anunciada o día despois do referendo de Crimea, o día 17 de marzo de 2014, en forma de conxelacións de activos financeiros en contas de bancos occidentais pertencentes a funcionarios rusos e de Crimea involucrados no proceso de anexión. No seguinte mes a lista de sancionados sería expandido á empresas rusas vinculadas directamente co Kremlin. Estas non serían as únicas sancións, sen embargo, o resto de sancións xa non virían marcadas pola cuestión da anexión de Crimea, se non que estarán

vinculadas co estalido da Guerra de Donbas, por iso serán comentadas ao seu debido momento. Seguindo coas consecuencias económicas cómpre falar dos problemas económicos que suporía para Crimea esta situación, o primeiro problema afrontado na península sería o cese de operacións de empresas occidentais no territorio e a perda de interese por parte de inversores estranxeiros en investir en proxectos dentro da península debido ás sancións impostas. Sumado a isto está a cuestión do turismo, un sector básico da economía de Crimea, que se vería afectado debido á desconexión do territorio vía terrestre con Rusia, esta cuestión cambiaría coa construción da mega-proxecto de construción da ponte sobre o Estreito de Kerch (Ballard, 2019). Se ben as consecuencias económicas foron graves tanto para Rusia como para Crimea, o país ucraíno non quedaría atrás. A perda dun territorio clave dentro de Ucraína como era a península de Crimea, suporía perdas económicas a distintos niveis. Por un lado, estaría a perda de infraestruturas públicas como portos e aeroportos, empresas públicas establecidas na zona, así como a perda dun territorio que supoñía unha gran fonte de ingresos derivados do sector turístico. Por outro lado, o empeoramento das relacións entre Kiev e Moscú, por non dicir a dinamitación das mesmas, suporía para Ucraína un grave problema a nivel comercial, pola importancia que supoñían as exportacións a Rusia, sumando a isto a imposibilidade de poder negociar descontos nos prezos do gas.

En referencia a problemas de corte étnico, haberá que destacar a actitude das autoridades rusas fronte aos tártaros de Crimea, poboación á que o Goberno ruso apoiara de forma oficial. Sen embargo a situación real sería drasticamente distinta, se ben dentro da narrativa oficial das autoridades rusas, os tártaros apoiarán enormemente o referendo e o voto positivo, se demostraría máis tarde que a poboación tártara realizara un boicot ao referendo. Estes cidadáns tártaros presenciarian como as autoridades rusas tomarían unha actitude represiva contra eles (Ryzhkov, 2017), se realizarían investigacións policiais e rexistros en edificios pertencentes a organizacións vinculadas cos tártaros de Crimea, sendo estes en ocasións expulsados do lugar onde residían, sendo reubicados en outras zonas da península. Como último apunte no que respecta a consecuencias considero relevante destacar as consecuencias políticas derivadas da anexión. Os problemas de corte político vense reflexados no aumento das tensións en primeiro lugar, dentro de Ucraína, tensións que pouco tempo despois se traducirán co estalido dun conflito aberto na rexión de Donbas, ao este do país. Por outro lado, as tensións políticas marcarán en especial o futuro do país, que comentamos anteriormente estalará nun conflito, que veremos se ten máis ou menos factores en común coa propia anexión de Crimea.

Por último, en referencia a cuestións que poderían soste a situación, no caso de Crimea, polas características observadas do caso e pola cuestión de que dende a anexión á Federación Rusa o status de Crimea non foi modificado, salvo pola consideración do Goberno ucraíno de consideralo como territorio temporalmente ocupado por Rusia. Polo tanto, podemos dicir que é unha crise que a pesares de que no futuro pode dar moito de que falar, no presente está finalizada. Sen embargo, unha cuestión ou factor que poderíamos mencionar e que quizais podería funcionar como factor explicativo para entender porque a situación é tan estable en Crimea é a cuestión étnica. Como xa repetimos en numerosas ocasións ao longo do traballo, a proporción de poboación étnica rusa é a máis alta de toda Ucraína, xunto á maior porcentaxe de poboación co ruso como lingua nativa. Estas dúas cuestións quizais provoquen que moitas das persoas de alí aínda que non tiveran vontade de ser independentes, tampouco vexan con malos ollos estar xestionados por Rusia, ao ter tantas cousas en común co país veciño.

Ilustración 5. Representación visual da árbore do conflito no caso da Crise de Crimea



Fonte: Elaboración propia

5.2. GUERRA DE DONBAS

Trala exposición do caso de Crimea, será momento de expoñer o segundo caso de estudo, a Guerra de Donbas, para isto será empregada unha estratexia similar á presentada no apartado anterior. O caso será presentado seguindo a liña narrativa dos acontecementos que previamente estaban a ser comentados, ao mesmo tempo gustaríame aportar unha imaxe ilustrativa da rexión de Donbas, para comprender mellor a situación e contexto do conflito.

Ilustración 6. Mapa da rexión de Donbas que mostra as cidades que foron centro da insurxencia pro-rusa en 2014.



Fonte: Kofman et al. (2017)

A primeira cuestión clave á hora de tratar o caso da Guerra de Donbas considero que é contextualizar brevemente o territorio de Donbas a nivel histórico, político e social. Cando se fala de Donbas faise referencia á rexión ucraína situada ao sueste do país, que mantén fronteira ao este e ao norte con Rusia e formada polos *oblast* ou provincias de Donetsk e Luhansk, como ben podemos observar na Ilustración. En relación á República Autónoma de Crimea, ambas provincias estarían separadas polos *oblast* de Zaporizhia e de Kherson. Nestas dúas provincias que separaban a Crimea de Donbas, os sentimentos de simpatía cara o achegamento a Rusia ou os movementos de corte separatista non tiveron gran acollida en comparación coas outras dúas rexións. A nivel histórico, a diferenza do territorio de Crimea, durante a etapa da Unión Soviética, a rexión do Donbas non estivo integrada na República Socialista Federal Soviética Rusa, se non que estaría integrada dentro da República Socialista Soviética Ucraína.

A nivel económico a rexión do Donbas é recoñecida historicamente como unha rexión cun carácter puramente industrial na que a industria pesada dominaría a economía local, destacando a metalurxia e as numerosas explotacións de carbón. Esta cuestión será comentada de xeito máis detallado ao final deste apartado, posto que a creación desa imaxe de perfil industrial na rexión será clave para entender os acontecementos ocorridos na zona. Antes de comezar coa propia exposición da evolución temporal da Guerra de Donbas considero preciso debullar o perfil xeral do habitante desta rexión. Neste senso, o máis destacable será os datos que fan referencia á lingua empregada polos habitantes e a composición étnica das provincias. No que se refire á composición étnica, ambas provincias, Luhansk e Donetsk, contan cunha maior porcentaxe de poboación que se declaran como ucráinos, un 58% da poboación no caso de Luhansk e un 56,9% no caso de Donetsk. Mentres tanto, un 38,2% da poboación declaraba formar parte do grupo étnico ruso en Donetsk e un 39,1% en Luhansk (Yekelchik, 2015).

A partires deste dato podemos concluír que a maioría da poboación da rexión de Donbas é de etnia ucráina, sen embargo, hai que destacar que xunto a Crimea, son as rexións coa proporción de poboación étnica rusa máis altas de todo o país. O dato destacable e que sen dúbida máis chama a atención da rexión ten que ver coa lingua nativa da poboación, no mesmo censo, que xa foi mencionado previamente, a maioría da poboación en ambas provincias, un 68,8% en Luhansk e un 74,9% en Donetsk, recoñecían o ruso como a súa lingua nai ou nativa (Yekelchik, 2015). Esta cuestión é relevante para entender a identidade dos cidadáns desta rexión, que como ben se pode observar, na súa maioría son persoas que se identifican dentro da etnia ucráina, pero que sen embargo na súa maioría teñen o ruso como lingua nativa. A cuestión da identidade a nivel étnico e lingüístico estará vinculada co carácter industrial, todo isto será unha cuestión clave, que ao longo do apartado irá sendo analizada. Unha vez comentadas estas cuestións de corte máis xeral haberá que pasar a analizar a evolución do conflito ata a actualidade.

Considero que a mellor forma de comezar a falar sobre a Guerra de Donbas é comentando dous datos elementais. O primeiro ten que ver coa simpatía polo movemento do Euromaidan, no contexto de Decembro de 2013, en plenas protestas, unha enquisa realizada pola empresa ucráina Research and Branding Group (2014) revelaría que un 81% da poboación residente nas rexións ao Este do país, entre as que destaca Donbas, era contraria ás protestas e manifestacións do Euromaidan. Sumado a este nulo apoio ás protestas realizadas pola poboación e grupos máis favorables ao achegamento coa Unión Europea, haberá que sumar a situación política-electoral da rexión. A nivel electoral e político, a rexión de Donbas servía de bastión electoral ao partido

de goberno, o Partido das Rexións, debido ao gran apoio cidadán e á simpatía que xeraba na zona. Se o apoio ás protestas do Euromaidan era xa reducido na zona en Decembro de 2013, trala destitución de Yanukovich do poder, a situación social e política na zona empeoraría, levando á poboación demostrar ese descontento e preocupación a través de protestas cidadás.

Polo tanto, para comezar a falar da Guerra de Donbas temos que falar da situación política e social vivida na zona durante e despois das protestas do Euromaidan. De algún xeito as manifestacións e protestas celebradas ao Oeste do país, xerarían un clima de tensión e incerteza na poboación das provincias do Donbas. As narrativas creadas na última década por parte dos medios de comunicación rusos e das elites ucraínas que asociaban a sociedade civil e a democracia co nacionalismo ucraíno, mentres que se vinculaba a cultura rusa co apoio a un Estado en vez duns dereitos civís, xerarían unha división política baseada en factores étnicos na rexión (Yekelchuk, 2015). Esta división cultivada por certos sectores e ese descontento fronte ao Maidan non se vería traducido nun aumento do apoio a romper politicamente con Ucraína, esta enquisa elaborada pola Universidade de Oxford en Decembro de 2014, con conflito xa comezado, mostraba que algo máis da metade dos enquisados preferían manter o status de *oblast* integrados en Ucraína (Chaisty & Whitefield, 2015).

A gran cuestión unha vez observado o perfil da poboación e as opinións dos cidadáns antes e durante o conflito, cómpre debullar como se chega a esa situación e como se desenvolve o mesmo. A nova da vitoria do Euromaidan en febreiro de 2014, que suporía o establecemento dun novo goberno provisional e a destitución do Presidente Viktor Yanukovich, provocaría unha serie de protestas nas rexións do este de Ucraína. Estas protestas derivarían tamén do proxecto de lei que pretendía retirar o status oficial e a protección á lingua rusa, esta proposta sería aprobada pola Verkhovna Rada, aínda que finalmente non sería firmada, provocaría un gran descontento en Donbas, rexión que comentamos previamente é maioritariamente ruso-falante, que vería os seus dereitos lingüísticos e os seus dereitos en perigo. Todas estas cuestións provocarían que as divisións entre a poboación se acentuaran e que as protestas levadas a cabo nas provincias de Donetsk e Luhansk por parte de defensores do achegamento con Rusia e protestantes en contra do novo goberno escalaran rapidamente. Estas protestas estarían presentes en numerosas cidades, se ben hai que destacar as efectuadas a partires de comezos de marzo. A cidade de Donetsk, dentro da provincia de mesmo nome, foi escenario de numerosas protestas nas que aparecerían figuras como a do ucraíno Pavel Gubarev, activista pro-ruso que sería elixido polos manifestantes presentes o día 1 de marzo nunha protesta na Praza de Lenin, como “Gobernador do pobo” en Donetsk. O día 3 de marzo un grupo de manifestantes liderados

por Gubarev tomarían o edificio estatal da Administración Rexional de Donetsk izando a bandeira tricolor rusa no seu exterior, ocuparían o edificio ata o día 6, no que serían expulsados polo Servizos de Seguridade Ucraínos (SSU). Noutras cidades como Luhansk o Kharkiv, esta última fora da rexión de Donbas, se vivirían ocupacións de edificios estatais semellantes á vivida en Donetsk.

O punto de inflexión na provincia de Donetsk estaría marcado polas protestas masivas do 6 de abril, onde preto de 1.000 persoas asaltarían de novo o edificio da Administración Rexional de Donetsk (BBC News, 2014a), tomando o control de parte do mesmo e reclamando a celebración dun referendo similar ao celebrado en Crimea, isto non sucedería, así que ao día seguinte, o 7 de abril de 2014, sería proclamada a República Popular de Donetsk (RPD). Nese mesmo día serían asaltadas as oficinas dos Servizos de Seguridade Ucraínos de Donetsk e Luhansk por parte de manifestantes pro-rusos que tomarían o control do armamento do SSU, armándose á súa vez a eles mesmos. En Luhansk, os activistas ocuparían esas oficinas e formarían barricadas ao seu redor demandando a liberación de presos separatistas, a celebración dun referendo e maior independencia de Kiev, estes serían expulsados pola policía o día 12 de abril (Yuhas & McCarthy, 2014). Sen embargo, os manifestantes volverían a reunirse fóra do edificio en forma de asemblea, onde auto-proclamarían ao militar ucraíno Valery Bolotov como “Gobernador do pobo” en Luhansk. Durante esa asemblea tamén serán anunciados dous referendos a celebrar durante o mes de maio, o primeiro sobre manter o status de Luhansk ou adquirir unha maior autonomía e o segundo sobre integrarse en Rusia ou declarar a independencia como República Autónoma (Pravda, 2014). A finais de abril sería declarada a República Popular de Luhansk (RPL), informando ás autoridades ucraínas dunha serie de demandas a cumprir, entre as que se atopaba a amnistía aos manifestantes arrestados, o recoñecemento do ruso como lingua oficial, así como a celebración dun referendo que permitira á poboación decidir sobre o status oficial de Luhansk. Desta forma presionarían ás autoridades Ucraínas posto que establecerían un ultimato para que estas cumpriran as peticións, ameazando con seguir o camiño do levantamento armado seguido en Donetsk. As demandas non serían cumpridas e os manifestantes rematarían por tomar edificios estatais como xa se fixera en Donetsk e noutras cidades como Sloviansk, Mariupol ou Kramatorsk.

Durante o tempo no que se foron sucedendo estes acontecementos a nivel interno dentro dos *oblast* de Donetsk e Luhansk, o Goberno Ucraíno lanzaría unha campaña antiterrorista a comezos de abril. O Presidente en funcións, Alexander Turchynov declarararía que “se levarán a cabo intervencións antiterroristas contra os grupos armados secesionistas” (IANS, 2014),

ademais de culpar aos servizos de intelixencia rusos de axudar aos grupos secesionistas e de intentar desestabilizar o país. Ademais disto, como comentarei máis adiante, sería celebrada en Xenebra o día 17 de abril unha reunión de emerxencia entre representantes de Ucraína, Rusia, Estados Unidos e a Unión Europea co obxectivo de buscar unha solución á escalada de violencia vivida na rexión este de Ucraína. Este Acordo de Xenebra rematara coa aceptación de todas as partes para dar pasos adiante na desescalada da crise mediante a disolución de todas as organizacións militares ilegais presentes en Ucraína, así como o inmediato desaloxo e desarme dos grupos que estiveran ocupando edificios gobernamentais, ademais dunha amnistía para os manifestantes anti-goberno arrestados. Este acordo sería seguido pola Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa (OSCE), mediación que será analizada máis adiante (BBC News, 2014).

A situación ao longo dos meses de marzo e abril e en adiante serían de caos en toda a rexión de Donbas, cabe destacar na cidade de Slovyansk a figura do militar veterán ruso Igor Strelkov. O militar ruso tería un papel clave na crise, xa que lideraría unha unidade rusa que xa participara na previa anexión de Crimea (Sonne & Shishkin, 2014) e que aterraría na cidade ucraína co obxectivo de tomar os edificios das autoridades locais proclamando o control do territorio baixo a República Popular de Donetsk. A intervención deste grupo militar constituiría un punto de inflexión na crise, por un lado, a súa vinculación co nacionalismo ruso e o seu pasado co militar do exército de Moscú, levarían ás autoridades de Kiev a vincular a intervención deste grupo que xa estivera presente en Crimea, cunha intervención militar dirixida por Rusia tamén na rexión de Donbas. A crise pasou de ser unha loita pola federalización ou a obtención dunha maior autonomía a un conflito pola secesión (Kofman, Migacheva, Nichiporuk, Radin, Tkacheva & Oberholtzer, 2017).

Ademais disto, Igor Strelkov sería nomeado como Comandante Xeral do Exército do Sueste, converténdose así no líder do movemento separatista nese momento, cabe destacar a creación doutros batallóns independentes dentro do territorio, liderados por elites locais, que mantiñan así a súa autonomía, como a División Mineira en Donetsk ou o Batallón Zarya en Luhansk.

As operacións antiterroristas levadas a cabo durante o mes de abril polas autoridades ucraínas co obxectivo de sufocar as rebelións e tratar de recuperar o control de edificios gobernamentais rematarían en fracaso na súa maioría. Estes fracasos virían marcados principalmente pola falta de preparación neste tipos de operación dos efectivos militares ucraínos, unido á escaseza de tropas e á falta de disciplina nas mesmas. Durante ese mes, os efectivos

policiais nas principais cidades da zona serían neutralizados, ben por intimidación ou ben por desertar e unirse aos separatistas, o que deixaría estas cidades baixo control das forzas rebeldes. Entre finais de abril e principios de maio, o Goberno ucraíno lanzaría de novo unha ofensiva co obxectivo de retomar terreo ao redor de cidades clave para logo tratar de asedialas, a campaña militar denominada tamén como un exercicio antiterrorista sería efectiva. Durante o mes de maio a ofensiva realizada polo Exército Ucraíno tomaría parte da cidade de Slovyansk, en mans dos rebeldes, así como comezarían unha serie de enfrontamentos noutras cidades da provincia de Donetsk como Kramatorsk ou Mariupol. A finais dese mes sucedería o que se coñece como a Primeira Batalla do Aeroporto de Donetsk, onde tropas separatistas tomarían a terminal do aeroporto de Donetsk, provocando un enfrontamento coas forzas armadas ucraínas, que rematarían por retomar o control do lugar tras unha batalla que marcaría outro punto de inflexión no conflito. Isto se debe a tres cuestións, ao número de baixas durante a batalla, á procedencia dos soldados inmersos nela, posto que do bando rebelde a gran maioría dos combatentes eran voluntarios rusos, o que suporía un apoio militar explícito dende Rusia e por último, a escalada do conflito derivada desta batalla e das ofensivas posteriores levadas a cabo polas autoridades ucraínas. Algúns autores consideran que este é o punto no que o conflito ou a crise comeza a transformarse nunha guerra convencional (Kofman et al, 2017).

A comezos de xuño de 2014, as autoridades rusas comezarían a dar apoio loxístico ás forzas separatistas en forma de equipamento mecanizado, armas, municións e incluso equipos de defensa aérea. A principios do mes de xullo a campaña ucraína remataría de tomar a cidade de Slovyansk, así como de outras cidades do sector norte de Donetsk debido á retirada das forzas separatistas da zona, que buscarían refuxio na cidade de Donetsk. Pero, sen dúbida, o evento máis destacable dese verán sería o ocorrido o 17 de xullo, día no que o voo comercial MH17 de Malaysia Airlines sería derrubado mentres sobrevoaba o *oblast* de Donetsk, preto da fronteira con Rusia. As investigacións levadas a cabo polo Consello de Seguridade Holandés que tiña como obxectivo investigar as causas e responsables do accidente concluírían que o avión fora derrubado dende territorio controlado polos separatistas empregando armamento pesado procedente da Federación Rusa (BBC News, 2016). Estes feitos serían negados rotundamente dende Moscú, responsabilizando ao goberno ucraíno do accidente (Télam, 2014).

A ofensiva do exército ucraíno continuaría con éxito, retomando numerosas cidades e rodeando as principais cidades de Luhansk e Donetsk, unha situación crítica para as forzas separatistas que levaría ao Goberno ruso a cambiar a súa estratexia no conflito introducindo aproximadamente un total de 4.000 tropas dentro de territorio ucraíno, que servirían de apoio

para a contra-ofensiva realizada polas forzas pro-rusas nas cidades de Luhansk e Donetsk. A contra-ofensiva remataría o día 5 de setembro, día no que se firmaría o coñecido como Protocolo de Minsk entre representantes da Federación Rusa, de Ucraína, da República Popular de Donetsk, da República Popular de Luhansk e da OSCE, que tiña como obxectivo finalizar a guerra. Este acordo viría derivado da mediación anteriormente comentada da OSCE no conflito, implementando de xeito inmediato un alto ao fogo no conflito, que sería monitorizado e verificado pola OSCE e unha serie de medidas consensuadas entre as partes co obxectivo de lograr a paz e de poñer fin ao conflito na zona. Sen embargo, a realidade foi moi distinta, inmediatamente despois da firma do acordo se deron violacións do alto ao fogo por ambos bandos que rematarían coa Segunda Batalla do Aeroporto de Donetsk a finais do mes de setembro. A contraofensiva das milicias da RPD remataría tras case 5 meses de combate coa retirada do exército ucraíno e a ocupación polo tanto do Aeroporto de Donetsk por parte das milicias.

O desenlace deste combate en xaneiro de 2015, poría fin ao alto ao fogo acordado meses atrás, durante eses meses ambos bandos levarían a cabo un proceso de rearme e adestramento das súas unidades militares, en especial as milicias pro-rusas, que contarían co apoio ruso para organizarse. A partir deste momento, as milicias comezarían unha nova contra-ofensiva contra o exército ucraíno que remataría coa firma dun novo Protocolo de Minsk en febreiro de 2015. Este protocolo sería impulsado e presentado o 7 de febreiro polo Presidente de Francia, François Hollande e pola Canciller alemá, Angela Merkel, ante a notable escalada do conflito dende comezos do ano, tempo no que as milicias tanto de Donetsk e Luhansk lanzarían unha contra-ofensiva que tería moito éxito. Neste contexto onde o exército ucraíno retrocedía ante os ataques das milicias, serían levadas a cabo as conversacións para negociar a implementación duns termos renovados, que en parte favorecían a Rusia. Tras unhas duras negociacións sería presentado o día 12 de febreiro as medidas consensuadas entre as que se atopaban, un alto ao fogo incondicional a partir do día 15 de febreiro, de novo baixo observación da OSCE, a retirada de armamento pesado da fronte, a liberación de presos de guerra e unha reforma constitucional en Ucraína que garantizara un status especial ás rexións sublevadas, así como a modificación da constitución para unha maior descentralización e reintegrar eses territorios. Desta forma, o acordo podería ofrecer a Moscú un conflito conxelado en Ucraína, tanto a República Popular de Donetsk como a República Popular de Luhansk formarían parte tecnicamente de Ucraína, proporcionando a Moscú un enganche estratéxico dentro do país veciño (Kofman et al., 2017). A nivel estratéxico sería a mellor situación posible para Rusia, que dalgún xeito impediría que Ucraína puidera conseguir a súa entrada dentro da OTAN ou como Estado membro da UE.

Durante o mes de febreiro o alto ao fogo sería respectado en tódalas zonas excepto na cidade de Debaltseve, na RPD, onde dende mediados de xaneiro, as milicias da RPD e da RPL libraban unha batalla fronte ás forzas armadas ucraínas. Esta batalla continuaría tralo alto ao fogo durante algúns días, ata que o día 18 de febreiro, o exército ucraíno se retiraría da cidade, cedendo o control da mesma ás milicias da RPD (Luhn & Grytsenko, 2017). Durante finais de ese mes ambos bandos retirarían a súa artillería da liña da fronte como se acordara nas negociacións previas e non sería ata xuño de 2015 cando volvería a darse un enfrontamento de gravidade na zona, na cidade de Marinka, controlada polo Goberno ucraíno. As milicias da República Popular de Donetsk lanzarían unha ofensiva contra a cidade para tentar tomala, resultando nun fracaso para os pro-rusos, que rematarían por retirarse no mesmo día. Tal e como comentou ante os medios o representante da OSCE, Martin Sajdik, tras meses de violacións do alto ao fogo ambas partes acordarían seguir cumprindo cos obxectivos marcados nos acordos de Minsk II (Deutsche Welle, 2015). Os obxectivos marcados nas conversacións mediadas pola OSCE entre representantes das repúblicas, de Ucraína e de Rusia, sería o de impoñer un novo alto ao fogo a partires do 1 de setembro, coincidindo co inicio do curso escolar. Esta tregua sería implementada con éxito e suporía a maior redución en termos de agresións e mortes dende o comezo do conflito, a pesares das numerosas violacións ao alto ao fogo reportadas dende ambos bandos. Dende a entrada do alto ao fogo o 1 de setembro do ano 2015 e durante o ano 2016, o número de baixas de ambos bandos se vería reducido notablemente e dentro das dúas auto-proclamadas Repúblicas comezarían a fraguarse cambios internos no poder (Hromadske International, 2017).

A finais de xaneiro de 2017, a OSCE denunciaría a situación vivida na cidade de Avdiika, tomada polas forzas ucraínas dende 2014, que sería lugar dunha batalla entre estas últimas e as milicias da RPD, batalla que remataría a principios de febreiro con un alto ao fogo e coa vitoria das forzas ucraínas. Segundo a OSCE este episodio constituiría a maior escalada no conflito dende o ano 2015 (Borys, 2017), ademais de constituír graves violacións nos acordos pactados de Minsk, posto que foron despregadas tropas e armamento en zonas desmilitarizadas (Carroll, 2021). Durante o ano 2017 serían acordados numerosos altos ao fogo, sen embargo, a maioría deles fracasarían en cuestión de horas ou días. Cabe destacar o intercambio de prisioneiros realizado en decembro dese mesmo ano, seguindo outro dos puntos acordados nos acordos de Minsk II, polo que se intercambiarían 73 soldados ucraínos por aproximadamente 200 milicianos.

A estratexia seguida polo Goberno ucraíno durante 2018 comezaría coa aprobación por parte da Verkhovna Rada dun proxecto de lei que propoñía retomar o control das zonas controladas polos separatistas. Un movemento que sería denunciado dende Moscú como un

incumprimento dos acordos de Minsk. Este proxecto de lei consideraba ás provincias de Donetsk e Luhansk como territorios temporalmente ocupados e a Rusia como unha forza agresora, ademais de darlle a capacidade ao Presidente de empregar as forzas armadas dentro do país sen necesidade de pedir permiso ao Parlamento. O claro obxectivo desta estratexia era mostrar o conflito non como un conflito interno de Ucraína, se non a imaxe dun conflito entre Ucraína e Rusia dentro do territorio ucraíno. Durante o ano 2018, estaría presente a mesma dinámica seguida durante o ano 2017 de establecer altos ao fogo que fracasaban ás poucas horas de ser anunciados, a pesares disto o número de baixas seguiría en descenso recolléndose un total de 243 baixas por combate (UCDP, 2016).

No ano 2019, sería posto sobre a mesa o acordo proposto en 2014 polo que en 2019 era o Presidente alemán, Frank-Walter Stenmeier, o acordo coñecido como a Fórmula Stenmeier e firmado o día 1 de outubro de 2019 por Ucraína, Rusia, a República Popular de Donetsk, a República Popular de Luhansk e a OSCE, tiña como obxectivo avanzar cara a paz. Neste novo acordo se plantexarían a celebración de eleccións nos *oblast* de Donetsk e Luhansk, eleccións que serían supervisadas pola OSCE e en caso de ser celebradas en base aos estándares democráticos, sería aplicada a coñecida “Lei sobre o status especial”, que outorgaría un status especial a ambas provincias e un maior autogoberno. A pesares da firma deste acordo, non se levarían a cabo eleccións e o conflito seguiría aberto, aínda que é destacable o intercambio de prisioneiros entre as autoridades das Repúblicas e as autoridades ucraínas (Udoenko, 2019).

O período entre 2020 e 2021 foi comentado previamente no apartado introdutorio do traballo, polo que facendo referencia a iso mesmo, comentar brevemente que durante o ano 2020 se viviron episodios de re-escalada do conflito, sumado a unha situación social moi complexa derivada da crise do COVID, que levaría ás Repúblicas a illarse case completamente. O número de baixas nese mesmo ano baixaría notablemente. Durante este último ano, como xa foi comentado se viviron episodios de re-escalada do conflito moi notables, aumentando así as baixas en comparación co pasado 2020. Ademais disto, cabe destacar o movemento de tropas e armamento realizado pola Federación Rusa preto da fronteira con Ucraína, así como o despregue de avións de combate en Crimea (Gordon & Kantchev, 2021).

Antes de comezar coa cuestión da análise propia do caso, considero de interese facer referencia ao concepto de “Nova Rusia”, que foi reintroducido por Putin un mes despois da anexión de Crimea a Rusia (Yekelchik, 2015). Este concepto foi empregado polo presidente ruso para aglutinar seis provincias que nas súas palabras, “non eran parte de Ucraína en tempos do zarismo”, formando parte da Nova Rusia, unha resurrección do pasado imperial, ofrecido como

alternativa por Rusia ás Repúblicas de Luhansk e Donetsk. Ambas Repúblicas se unirían baixo o nome de Nova Rusia como Confederación, dentro dun proxecto “imperial” ruso.

Unha vez realizada a revisión pormenorizada sobre a Guerra de Donbas, que permite ter unha visión completa sobre como se desenvolveu o conflito durante os anos e como xorde, será o momento de aplicar ao igual que se fixo no anterior apartado sobre a crise de Crimea, a ferramenta da árbore do conflito. Se ben moitas das cuestións que tratarei a continuación foron tratadas ou mencionadas xa ao longo deste apartado, tratarase agora de crear unha imaxe conxunta que permita entender non simplemente os eventos acontecidos, se non tratar de afondar nas causas, consecuencias, actores e cuestións que fan que este conflito siga vivo a día de hoxe.

Seguindo polo tanto a liña do anterior apartado, o primeiro obxectivo será o de presentar os actores do conflito, na súa totalidade xa mencionados ao longo do apartado, pero que sen dúbida é preciso reorganizar para un mellor entendemento da cuestión. Deste xeito, tratarei de ir presentando a cada un dos actores, en primeiro lugar estará o Goberno de Ucraína do que dependeran as Forzas Armadas Ucraínas, que é a principal forza militar do país, os servizos de seguridade e o Ministerio do Interior de Ucraína. A respecto do Ministerio do Interior de Ucraína hai que destacar que nel se integran un gran número de batallóns de voluntarios presentes en distintas zonas da fronte, estes batallóns constan como unidades integradas dentro da Garda Nacional de Ucraína, dependente do propio Ministerio de Interior. Algúns dos batallóns máis destacados son o Batallón Kharkiv, o Batallón Donbas ou o Batallón Azov, cabe destacar que este último sería denunciado pola ONU pola violación reiterada de dereitos humanos (OHCHR, 2016). Os seguintes actores que tratarei de forma conxunta son a República Popular de Donetsk e a República Popular de Luhansk, ambas Repúblicas contarían cunhas milicias propias, coñecidas como Milicia Popular de Donetsk e Milicia Popular de Luhansk das que dependen unha serie de batallóns como o xa comentado Batallón Zarya. A parte das milicias populares de ambas repúblicas, foron formados batallóns independentes, repartidos polo territorio baixo dominio das milicias e actuando con certa autonomía. Entre estes batallóns podemos destacar os Batallóns Internacionais presentes en Donetsk ou batallóns vinculados con grupos neonazis como a Unidade de Voluntarios da Unidade Nacional Rusa, un grupo paramilitar e partido político neonazi formado en Rusia. Por outro lado, como actor relevante no caso será a Federación Rusa. A pesares das negativas do Goberno ruso sobre a implicación do mesmo na Guerra de Donbas, as misións de observación da OSCE veñen de confirmar a presenza de soldados rusos na zona, polo que se confirmaría a participación activa no conflito, como xa fora comentado anteriormente

(OSCE, 2015). Ademais da participación a través do envío de efectivos militares para apoiar ás milicias sublevadas, a Federación Rusa tamén enviaría apoio loxístico en termos de armamento, munición e incluso de formación e organización das milicias locais.

Por outro lado, teríamos actores presentes ao longo do conflito, pero que non son partes combatentes no mesmo, este é o caso da UE, da OSCE ou de Estados Unidos. A OSCE quizais fora un dos actores máis repetidos xunto ás forzas belixerantes no conflito, debido á presenza continua que as misións de mediación e observación tiveron ao longo de todos estes anos, con maior ou menor éxito, como xa foi presentado. Por outro lado, a Unión Europea e os Estados Unidos proseguirían coa estratexia de presión económica comezada a partires da anexión de Crimea, todo isto a través de sancións e listas negras a empresas e individuos rusos que afectarían notablemente á economía rusa. Ademais destes actores, poderíamos falar de actores non estatais como os oligarcas e as elites locais, das que falaremos nunhas liñas máis adiante.

Polo tanto, para comezar a construír esa árbore do conflito, detectar o problema central do mesmo é clave, neste caso, o problema será o estalido dun conflito armado en 2014 na rexión de Donbas, ao este de Ucraína. A partires deste problema haberá que detectar as causas, efectos e factores que sosteñen o conflito na actualidade. O primeiro paso polo tanto será achegarse ás raíces desa árbore, ás causas subxacentes que dean sentido ao conflito. Tras realizar o repaso temporal dos eventos ocorridos durante toda a Guerra de Donbas ata a actualidade, hai certas cuestións que sen dúbida chaman a atención e permiten facerse unha idea de cales puideron ser as causas que levaron ao estalido dun conflito na rexión sueste do país.

A primeira causa que considero relevante mencionar serán as tensións na rexión de Donbas derivadas das protestas do Euromaidan, esas tensións virán moi marcadas pola identidade dos habitantes de esta rexión de Ucraína. Se facemos memoria, ao comezo deste apartado se falaba do pasado industrial da rexión de Donbas, é importante volver a ese punto, para facer fincapé na identidade tan especial da poboación da zona. A propaganda durante a etapa soviética promovería a imaxe heroica dos mineiros da zona que proveían de carbón ao país, isto sumado ao proceso de asimilación cultural, polo que a poboación da zona era educada na lingua rusa, levaría á creación dunha identidade peculiar. Estamos falando dunha poboación de etnia ucraína, ruso falante, cunha identidade marcadamente soviética, que a pesares de ser de etnia ucraína non tiña unha cultura étnica moi establecida, que vería en parte a través da propaganda rusa, as protestas do Euromaidan, como unha ameaza á súa forma de vida, á súa lingua, que poñía tamén en perigo os seus vínculos comerciais e económicos con Rusia. A pesares disto hai que destacar que se ben o apoio ao separatismo nesta zona de Ucraína era

baixo, había unha gran división no que ao apoio a un achegamento á UE ou a Rusia se refería. Polo tanto, poderíamos dicir que unha das causas foron as tensións e o desconcerto vivido por parte da poboación nestas provincias, que terá claras vinculacións co resto de causas que proporei a continuación.

A seguinte causa tamén deriva directamente do Euromaidan e da destitución de Viktor Yanukovich do poder, cuestión vinculada tamén coa primeira causa, xa que cabe lembrar que o apoio ao Partido das Rexións era maioritario na zona. Esta causa será definida como unha causa política posto que é de consideración que a destitución do Presidente e polo tanto a perda de poder do Partido das Rexións, que tiña como base electoral e rede de apoios a rexión de Donbas, supoña un duro golpe para as elites e os oligarcas da zona que mantiñan relación co partido. Isto provocará que os oligarcas vexan o apoio aos manifestantes anti-Maidan como unha oportunidade de manterse preto do poder. Sería a través destas redes informais como se organizaría a rebelión ao comezo, sospéitase se dende Moscú se empregaron politicamente figuras de oligarcas rusos que financiaron ás milicias ou se estes oligarcas actuaron por conta allea. Fora dunha forma ou doutra, o interese e o oportunismo destes actores sería clave para financiar militarmente ás milicias sublevadas. Seguindo coas posibles causas do conflito de Donbas habería que destacar a cuestión do posible achegamento de Ucraína coa Unión Europea, que podería dalgún xeito facer perigar en primeiro lugar, as súas relacións comerciais, posto que unha entrada na UE suporía unha menor independencia comercial de Ucraína fronte a Rusia. Por outro lado, o achegamento de Ucraína á UE podería supor a entrada dentro da organización da Comunidade Enerxética que conlevaría unha serie de regulacións prexudiciais para os intereses comerciais de Rusia. Ademais de todo isto, dende Moscú se percibía o achegamento á UE como un posible achegamento futuro á OTAN, o que suporía un desafío e un perigo a nivel xeopolítico para Rusia, polo que unha Ucraína desestabilizada e en guerra sería beneficioso para Moscú en tanto en canto, isto impediría a entrada de Ucraína tanto na UE como na OTAN.

Tras observar as causas de raíz, é preciso agora achegarse aos efectos ou consecuencias derivados do problema central, representadas polas follas e as pólas da árbore, en forma de ramificacións. Os efectos ou consecuencias directas derivadas do estalido do conflito en Donbas no ano 2014 poderían ser divididas en tres grupos relacionados entre si, os efectos sociais, políticos e económicos. En primeiro lugar, en relación aos efectos sociais, sendo por suposto, o efecto máis obvio dunha guerra é a perda de vidas humanas, aproximadamente se rexistra un total de entre 12.800 e 13.000 falecidos derivados directamente do conflito, calculase que ao redor de 3.000 civís foron asasinados e aproximadamente 9.500 combatentes perderían a vida

(OHCHR, 2017). Ademais disto habería que sumar os feridos que ascenderían a un total aproximado de 30.000 persoas, das cales se calcula aproximadamente que entre 7.000 e 9.000 eran civís, mentres que entre 21.000 e 24.000 eran combatentes (OHCHR, 2017). Dentro deste primeiro grupo de efectos sociais tamén hai que falar da poboación desprazada por causa directa do conflito, calcúlase que aproximadamente 1,6 millóns de persoas se viron obrigadas a abandonar os seus fogares (OHCHR, 2017). Estes datos converterían a Ucraína na maior catástrofe humanitaria dentro de Europa dende as guerras na década dos anos 90 en Yugoslavia, sendo os ucraínos o 85% da poboación total desprazada dentro de Europa.


Hai que facer referencia ademais ás numerosas violacións dos dereitos humanos rexistradas nas zonas de guerra, que van dende ameazas e torturas ata execucións sumarísimas. Por outro lado, o grupo de efectos económicos viría marcado polo propio derrubamento da economía na zona en guerra, que viviría ademais un proceso de desindustrialización derivada da mesma, sumado a un descenso drástico nas exportacións e unha caída do Produto Interior Bruto da rexión que debullarían unha imaxe aterradora a nivel económico en Donbas (Mykhnenko, 2020). Hai que sumarlle a estes efectos económicos a destrución de infraestruturas como o Aeroporto Internacional de Donetsk que como vimos foi escenario de fortes enfrontamentos ao longo dos últimos anos.

Por último, os efectos entendidos como políticos teñen que ver co empeoramento ou coa ruptura case total das relacións entre Ucraína cun dos seus socios comerciais principais, como é Rusia. Ademais disto, plantexar tamén os efectos que o conflito tivo a nivel internacional, que suporía a imposición dunha serie de sancións ao longo dos anos por parte da Unión Europea e dos Estados Unidos a Rusia, a pesares de que as relacións entre a Federación Rusa e países membros como Francia ou Alemaña non se deterioraran demasiado, se ben isto pode ser debido ás boas relacións mantidas en termos comerciais, e enerxéticos no caso de Alemaña.

Para finalizar coa análise da Guerra de Donbas baseada na ferramenta da árbore do conflito, cómpre falar daqueles factores que dalgún xeito provocan que o conflito estea sostido na actualidade. Para darlle sentido a isto debemos facer referencia ao xa comentado, sumando novas cuestións que poderían ser de interese para explicar a situación. Nun primeiro lugar, trala numerosa perda de vidas humanas nos primeiros anos do conflito, a situación actual de guerra conxelada pode ser un contexto de interese para ambos bandos, se ben o que máis se beneficiaría disto sería Rusia, posto que bloquearía un posible acceso de Ucraína á Unión Europea ou á OTAN, á vez que conta cun enganche dentro do país, a través das Repúblicas de Luhansk e de Donetsk. Dalgún xeito esta situación de calma tensa é a mellor situación posible

debido aos múltiples fracasos dos distintos acordos que trataron de poñer fin ao conflito, o medo a un empeoramento da situación que puidera involucrar a outros actores como por exemplo, os Estados Unidos de América, sería un punto clave para entender porque o conflito se sostén como está, crioxenizado.

Ilustración 7. Representación visual da árbore do conflito no caso da Guerra de Donbas



Fonte: Elaboración propia

Tras finalizar a exposición tanto do apartado histórico como do apartado teórico, que entre os dous formarían o groso do estudo, cómpre agora achegar unha discusión e unhas conclusión finais. Neste senso, a discusión estará dirixida principalmente a comparar os dous casos estudados previamente en base ao exposto no apartado teórico anterior. Por outro lado, a conclusión terá como obxectivo principal observar en que medida as hipóteses formuladas ao inicio da investigación son confirmadas ou refutadas.

VI. DISCUSIÓN

Antes de poñer fin a este traballo de investigación a través das conclusións, gustaríame realizar unha breve comparativa entre ambos casos, prestando especial atención ás características de ambos conflitos. Considero que esta perspectiva é a máis interesante posto que durante o último apartado da conclusión, dun xeito ou doutro, en ocasións serían expostos ambos casos de feito comparado, sobre todo no que respecta ao factor étnico.

Neste senso, gustaríame facer referencia de novo ao autor, Herfried Münkler (2005) e as autoras, Mary Kaldor (2006) e Caterina García (2013), mencionadas con anterioridade cando se falou do concepto de novas guerras. Neste breve exercicio comparativo gustaríame falar da Guerra de Donbas en base ao lido e estudado ao longo do traballo, a partires de todo este proceso e da lectura destes autores, pode chegarse á conclusión de que a Guerra de Donbas pode ter certas características propias destas novas guerras. Todo isto comeza nas causas ou incompatibilidades que acaban escalando ata chegar ao estalido do conflito, as causas como ben puidemos estudar poden ser múltiples, non existindo unha que explique na súa totalidade os feitos ocorridos. Este factor da multi-causalidade das incompatibilidades é un factor clave das novas guerras, sumado ao incremento dos actores tanto estatais como non estatais. No caso da Guerra de Donbas como xa vimos, os actores presentes no conflito eran de natureza moi variada, dende Estados como Ucraína ou Rusia, ata organizacións internacionais como a OSCE, milicias formadas nas auto-proclamadas Repúblicas de Donetsk e Luhansk ou incluso grupos armados e unidades de voluntarios que actuaban con autonomía das milicias separatistas de ambas repúblicas. Tamén cabería destacar o papel das elites locais e os oligarcas. O número de actores e o número de intereses contrapostos entre eles é unha mostra máis do proceso de transformación e complexización dos conflitos armados na actualidade.

Antes de proseguir co caso de Donbas, se nos fixamos na Crise de Crimea, simplemente coa imaxe xeral que temos da crise diplomática xa podemos intuír as grandes diferenzas entre ambos casos, que se vén estiveron ligados a nivel político e temporal, a nivel de desenvolvemento foron moi distintos. No caso de Crimea non se chega como xa dixemos a un conflito como tal, se non que se leva a cabo unha invasión, un tipo de estratexia militar propio doutro período histórico e máis ocorrendo dentro do continente europeo. As diferenzas entre ambos casos son máis que notables.

Unha cuestión de interese a comentar que sen dúbida pode ser observada nos casos de Donbas e Crimea, aínda que especialmente en Donbas, sería esa caracterización da guerra como elemento desintegrador do Estado, que desestabiliza enormemente a nivel económico e que a

nivel social cimenta unha serie de novas identidades de corte sectario, a distintos niveis, como a etnia, a relixión ou a tribo. Estas liñas divisorias dentro das comunidades políticas serán un dos rasgos clave destas guerras. Este proceso de creación dunha división social dentro dunha comunidade política sería o que ocorrería en Donbas, unha rexión na que o factor étnico non tiña unha relevancia especial e na que levaban convivindo sen ningún tipo de impedimento ou conflito persoas de orixe étnico ruso e persoas de orixe étnico ucraíno. Sen embargo, as campañas propagandísticas alimentarían esta división en ambos bandos, creando unha narrativa de amigos versus inimigos que sería de todo menos natural.

Como podemos ver nesta breve comparativa, orientada en especial á relación do concepto das novas guerras co conflito de Donbas, este novo tipo de enfrontamentos armados supoñen un desafío enorme á hora de xestionar, controlar e poñer fin aos conflitos. A multitude de actores e intereses provoca que por exemplo, atopar solucións para poñer fin a un conflito que contenten a tódalas partes implicadas é moi complexo. A esta cuestión habería que sumarlle a entrada de actores non estatais que actúan en ocasións de forma autónoma e imprevisible, como os grupos terroristas ou a entrada das redes sociais como plataforma de propaganda e difusión de información, todas estas cuestións e reflexións deben servir para traballar na construción de estratexias a futuro que permitan xestionar de forma efectiva e rápida este tipo de conflitos antes de que sexan incontrolables.

VII. CONCLUSIÓN

Trala realización da comparativa presentada na discusión, cómpre agora pasar ao último capítulo do traballo, as conclusións. Este capítulo estará dirixido a confirmar ou refutar as hipóteses que foron plantexadas nun inicio, co obxectivo de ver se a idea inicial coincide cos resultados obtidos tralo estudo do tema. Finalmente adicarei unhas liñas a falar do posible futuro do conflito.

Neste senso, a primeira hipótese formulada afirmaríase que ambos casos aínda que puideran ter unha orixe política similar, non compartirían similitudes no que ao tipo de conflito se refire e na evolución temporal e militar dos mesmos. Para confirmar ou refutar esta hipótese, cómpre primeiro analizar a cuestión por partes. En primeiro lugar, podemos confirmar segundo o analizado durante o apartado teórico do traballo, que ambos casos comparten en maior ou menor medida unha orixe política similar, derivada das protestas de Euromaidan, que xerarían en ambos territorios unha serie de tensións e protestas que rematarían escalando en ambos territorios. A escalada en ambos territorios tamén sería distinta, no caso da Crise de Crimea houbo unha invasión militar e unha toma da rexión mediante medios militares, sen embargo, a crise non escalaría ata o punto de converterse nun conflito aberto, debido en parte á decisión tomada dende as autoridades ucraínas de non exercer resistencia contra as forzas invasoras. Desta forma, a Crise de Crimea remataría coa anexión en 2014 da península á Federación Rusa, manténdose un clima de certa estabilidade dentro da zona dende entón. No caso da guerra de Donbas, no que a tipo de conflito se refire xa non falamos dunha crise diplomática internacional, se non que estamos a falar dun conflito armado cuns bandos diferenciados, unha fronte relativamente delimitada e unha dimensión temporal considerable, posto que o conflito leva activo en maior ou menor medida dende o ano 2014 ata a actualidade. Debido a estas cuestións poderíamos confirmar a primeira hipótese como válida, posto que se ben ambos conflitos comparten unha orixe política similar, no que a tipo de conflito se refire e a evolución temporal e militar dos mesmos é totalmente distinta.

A segunda hipótese formulada propoñía que as relacións mantidas entre Ucraína e Rusia ao longo da historia marcarían as relacións diplomáticas de ambos países a día de hoxe. Esta segunda hipótese vinculada máis co aspecto histórico deberá ser brevemente contextualizada a ese nivel antes de poder concretar se é confirmada ou refutada. Como vimos a relación entre estes dous países ten un amplo recorrido ao longo da historia, pero sen dúbida, a etapa soviética e post-soviética serán as etapas claves para entender as relacións entre ambos países na actualidade. As ideas de corte imperialista presentes durante o Imperio Ruso e herdadas parcialmente durante a Unión Soviética, seguirían presentes como un dos rasgos máis

característicos da ideoloxía do Presidente Vladimir Putin. Esta visión estivo dirixida tamén cara Ucraína, que sería xa denominada por certos sectores dende tempos do Imperio Ruso, como a “Pequena Rusia”, dando a entender que tanto Ucraína como os ucráinos pertencen a unha e indivisible Rusia (Radin & Reach, 2017). Este termo será empregado na actualidade por parte de nacionalistas rusos e é percibido dende Ucraína como un intento de suprimir a súa lingua e identidade propia. Sen dúbida, a actitude das autoridades rusas de tratar a Ucraína como unha entidade dependente de Moscú, negándolle a súa identidade, provocaría que as relacións diplomáticas mantidas a día de hoxe e antes, durante e despois do ano 2014 non foran as mellores. Por isto podería confirmarse a hipótese de que a tradición histórica das relacións mantidas entre Ucraína e Rusia, afectaría directamente ás relacións diplomáticas mantidas entre ambos países, derivado todo isto principalmente da mentalidade paternalista e imperialista defendida dende Moscú.

A terceira hipótese formulada proporía que o factor étnico sería a peza clave ou unha das pezas claves para entender tanto a Crise de Crimea como a Guerra do Donbas. Para tratar de confirmar ou refutar esta hipótese temos que dirixirnos directamente aos datos que foron ofrecidos con anterioridade sobre a orixe étnica en ambos territorios, ademais de prestar atención ás causas detectadas mediante a ferramenta da árbore. En primeiro lugar, no que se refire aos datos referentes á orixe étnica da poboación nestes territorios, estes datos mostrarían que tanto a República Autónoma de Crimea como a rexión de Donbas, serían as rexións de toda Ucraína cunha maior porcentaxe de poboación de etnia rusa, no caso de Crimea a porcentaxe alcanzaba un 58,5%, na provincia de Donetsk un 38,2% e na provincia de Luhansk un 39,1%. Sumado a este factor étnico sería vinculado ao longo do traballo en numerosas ocasións o factor da lingua nativa da poboación nestas rexións, estas tres rexións serían as rexións cunha porcentaxe máis alta de poboación que tiña o ruso como lingua nativa.

Se ben estes datos a primeira vista poden parecer esclarecedores ou indicativos de algún tipo de correlación, o estudo realizado sobre as causas subxacentes destes conflitos mostran unhas conclusións relativamente distintas. Tanto na Crise de Crimea como na Guerra de Donbas o factor étnico sería unha cuestión recorrente e relevante en ambos casos, sendo incluso empregado a nivel propagandístico como un xeito de crear divisións na poboación, tendo un maior éxito en Donbas. No caso da Crise de Crimea, a narrativa desenvolta polas autoridades rusas debullaba a Crimea como un territorio historicamente ruso, habitado por cidadáns rusos aos que debía protexer. Polo tanto, podemos ver como era un factor presente. Sen embargo, se tiveramos que falar de factores clave para entender ambos casos, habería que falar do factor xeopolítico,

tanto a anexión de Crimea en primeira instancia, como a instigación dun conflito armado en territorio ucraíno, tería en parte unha motivación estratéxica impulsada dende Moscú, co obxectivo de tentar manter o máis afastado posible á Unión Europea e á OTAN das fronteiras rusas, cuestión conseguida impedindo a Ucraína integrarse como membro en ningunha das dúas. Polo que a hipótese de que o factor étnico sería a peza clave para entender o conflito debe ser refutada, posto que aínda que o factor étnico é de interese e axudar a entender o conflito, existen por diante outros factores máis relevantes como o xeopolítico que xogan un papel clave nos conflitos.

Táboa 1. Refutación ou confirmación das hipóteses formuladas.

HIPÓTESES	CONFIRMADA	REFUTADA
Hipótese 1. Ambos casos aínda que podan ter unha orixe política similar, non comparten similitudes no que ao tipo de conflito se refire e na evolución temporal e militar dos mesmos	X	
Hipótese 2. As relacións entre ambos países ao longo da historia marcarán as relacións diplomáticas de ambos países a día de hoxe.	X	
Hipótese 3. O factor étnico será a peza clave para entender tanto a Crise de Crimea como a Guerra do Donbas.		X

Fonte: Elaboración propia

Para finalizar o traballo e facendo referencia de novo a un aspecto xa tratado no capítulo da discusión, gustaríame rematar falando do futuro de ambos conflitos. Se ben no caso de Crimea, a situación parece estable e incluso dá a sensación de que a península xa está totalmente integrada dentro de Rusia, dende Ucraína non chega unha mensaxe de rendición. Por

ese lado, de cara ao futuro serán claves as conversacións entre ambos países, mediadas pola OSCE e países da Unión Europea co obxectivo de achegar posturas e quizais atopar unha solución viable, que chegue a contentar aos dous. Aínda que é moi complexo que se dea esa situación, debido á completa negación por parte de Rusia de ceder territorio, sería de interese para as relacións tanto diplomáticas, como sociais e comerciais, un acordo polo cal ambos países puideran ter certo control sobre o territorio. Respecto á Guerra de Donbas, a situación é tamén complexa de cara ao futuro, se ben recentemente a comezos do ano vivimos unha breve re-escalada do conflito e durante os meses de marzo e abril foron constatados movementos militares en ambos bandos, a estas alturas de mediados de ano parece que as tensións baixaron de novo. Unha posible re-escalada do conflito podería ter graves consecuencias, por un lado, no caso de que Rusia decidira mobilizar tropas para avanzar dentro de territorio ucraíno, sería moi posible que os Estados Unidos prestaran axuda militar, o que provocaría un aumento das tensións xa non solo a nivel rexional se non internacional. Por isto mesmo, quizais a situación actual é a máis beneficiosa para ambos bandos, se ben obviamente as autoridades ucraínas non dan por perdido o territorio ocupado tanto pola República de Luhansk como a República de Donetsk.

En resumo, a complexa situación de ambos conflitos debe ser solucionada a través da mediación e negociación, unha re-escalada en calquera dos dous casos sería catastrófico para a poboación local e para as relacións entre os bloques xa non solo a nivel local, se non internacional.

VIII. ANEXO HISTÓRICO

882-1420: Rus de Kiev.

1240: Invasión mongola do Rus de Kiev.

1380: Batalla de Kulikovo.

1478: Absorción do Principado de Novgorod por parte do Principado de Moscú.

1480: Gran oposición do Río Ugra e fin do dominio mongol.

1560: Nacemento do réxime zarista co nomeamento de Iván IV como zar ruso.

1721: Nacemento do Imperio ruso.

1914-1918: Primeira Guerra Mundial.

1917: Revolución rusa.

1917: Proclamación de independencia da República Popular Ucraína.

1922: Adhesión da República Socialista Soviética Ucraína á Unión Soviética.

1932-1933: Holodomor.

1939-1945: Segunda Guerra Mundial.

1991: Caída do muro de Berlín e declaración da independencia de Ucraína.

1991: Firma do Tratado de Redución de Armas estratéxicas.

1994: Firma do Tratado de Non Proliferación Nuclear.

1994: Memorando de Budapest sobre Garantías de Seguridade.

1997: Firma do Tratado de Partición sobre o Estado e as Condicións da Flota do Mar Negro.

1997: Firma do Tratado de Amizade, Cooperación e Asociación entre Ucraína e Rusia.

2005: A Revolución laranxa.

2013: As protestas do Euromaidan.

2014: Ocupación de Crimea e comezo do conflito en Donbas.

IX. BIBLIOGRAFÍA

AFP. (2019, 29 decembro). Finaliza intercambio de 200 prisioneros entre beligerantes en

Ucrania. *El Mundo*. Recuperado de

<https://www.elmundo.es/internacional/2019/12/29/5e087bf1fc6c83c85d8b4686.html>

Agreement on the Establishment of the Commonwealth of Independent States (1991). Article 5.

Recuperado de

http://webarchive.loc.gov/all/20060720175013/http://www.therussiasite.org/legal/laws/CI_Sagreement.html

Amnesty International: Jailed former Ukraine prime minister must be released. (2011, 11

outubro). *KyivPost*. Recuperado de <https://www.kyivpost.com/article/content/ukraine-politics/amnesty-international-jailed-former-ukraine-prime-114556.html>

Associated Press. (2004, 11 diciembre). Doctors: Yushchenko was poisoned. *The Guardian*.

Recuperado de <https://www.theguardian.com/world/2004/dec/11/ukraine>

Ballard, B. (2019, 28 outubro). Crimea doesn't pay: assessing the economic impact of Russia's

annexation. *World Finance*. Recuperado de <https://www.worldfinance.com/special-reports/crimea-doesnt-pay-assessing-the-economic-impact-of-russias-annexation>

BBC News. (2014, 17 abril). Ukraine crisis: Deal to «de-escalate» agreed in Geneva. *BBC*

News. Recuperado de <https://www.bbc.com/news/world-europe-27072351>

BBC News. (2014a, abril 7). Ukraine: Pro-Russians storm offices in Donetsk, Luhansk, Kharkiv.

BBC News. <https://www.bbc.com/news/world-europe-26910210>

BBC News. (2014b, febreiro 24). Ukraine crisis: Key video moments. *BBC News*. Recuperado

de <https://www.bbc.com/news/world-europe-26307651>

BBC News. (2016, 28 setembro). MH17 missile «came from Russia», Dutch-led investigators

say. *BBC News*. Recuperado de <https://www.bbc.co.uk/news/world-europe-37495067>

Borys, C. (2017, 5 febreiro). Losing everything in Avdiivka. *Al Jazeera*. Recuperado de

<https://www.aljazeera.com/features/2017/02/05/losing-everything-in-avdiivka/>

Britannica, T. Editors of Encyclopaedia (2016, November 10). Hetman. Encyclopedia Britannica.

Recuperado de <https://www.britannica.com/topic/hetman>

Byrne, P. (2021, 26 xaneiro). Dead End. *KyivPost*. Recuperado de

<https://www.kyivpost.com/article/content/ukraine-politics/dead-end-51514.html>

Carbonnel, A. (2014, 1 marzo). Armed men seize two airports in Ukraine's Crimea, Yanukovich

reappears. *Reuters*. Recuperado de <https://www.reuters.com/article/uk-ukraine->

[idUKBREA1H0EM20140228](https://www.reuters.com/article/uk-ukraine-idUKBREA1H0EM20140228)

Carbonnel, A. (2014b, marzo 12). How the separatists delivered Crimea to Moscow. *Reuters*.

<https://www.reuters.com/article/us-ukraine-crisis-russia-aksyonov-insigh->

[idUSBREA2B13M20140312](https://www.reuters.com/article/us-ukraine-crisis-russia-aksyonov-insigh-idUSBREA2B13M20140312)

Carroll, O. (2021, 13 xuño). Ukraine's Donbass Drifts into «Alternative Peace». *The Moscow*

Times. Recuperado de <https://www.themoscowtimes.com/2017/02/01/ukraines-donbass->

[drifts-into-alternative-peace-a57011](https://www.themoscowtimes.com/2017/02/01/ukraines-donbass-drifts-into-alternative-peace-a57011)

Chaisty, P., & Whitefield, S. (2015, 6 febreiro). Support for separatism in southern and eastern

Ukraine is lower than you think. *Washington Post*. Recuperado de

<https://www.washingtonpost.com/news/monkey-cage/wp/2015/02/06/support-for->

[separatism-in-southern-and-eastern-ukraine-is-lower-than-you-think/](https://www.washingtonpost.com/news/monkey-cage/wp/2015/02/06/support-for-separatism-in-southern-and-eastern-ukraine-is-lower-than-you-think/)

Charbonneau, L. (2014, 4 marzo). Russia: Yanukovich asked Putin to use force to save Ukraine.

Reuters. Recuperado de <https://www.reuters.com/article/us-ukraine-crisis-un->

[idUSBREA2224720140304](https://www.reuters.com/article/us-ukraine-crisis-un-idUSBREA2224720140304)

Cleary, L. (2016). Half measures and incomplete reforms: the breeding ground for a hybrid civil

Society in Ukraine. *Southeast European and Black Sea Studies*, 16(1), 7–23.

Recuperado de <https://doi.org/10.1080/14683857.2016.1148410>

Consello da Unión Europea. (2012, 10 novembro). *Council conclusions on Ukraine*. 3209th

FOREIGN AFFAIRS Council Meeting. Brussels. Recuperado de

https://www.consilium.europa.eu/uedocs/cms_data/docs/pressdata/EN/foraff/134136.pdf

Council of Europe concerned about Tymoshenko trial. (2011, 12 outubro). *Kyiv Post*.

Recuperado de <https://www.kyivpost.com/article/content/ukraine-politics/council-of-europe-concerned-about-tymoshenko-trial-114656.html?cn-reloaded=1>

Dahrendorf, R. (1959). *Class and Class Conflict in Industrial Society*. Stanford University Press.

Dale S. (1997). The Russian-Ukrainian Friendship Treaty and the search for regional stability in Eastern Europe. [Tese de doutoramento, Naval Postgraduate School]. Publicada.

Recuperado de

<https://calhoun.nps.edu/bitstream/handle/10945/8939/russianukrainian00stew.pdf>

Deutsche Welle. (2015, 27 agosto). Ukraine and rebels to implement Minsk deal by September 1. *Deutsche Welle*. <https://www.dw.com/en/ukraine-and-rebels-to-implement-minsk-deal-by-september-1/a-18676610>

EFE. (2010, 15 decembro). Timoshenko, la ex primera ministra ucraniana, bajo arresto domiciliario por abuso de poder. *RTVE*. Recuperado de

<https://www.rtve.es/noticias/20101215/ex-primera-ministra-ucraniana-yulia-tymoshenko-bajo-arresto-domiciliario/387377.shtml>

Encyclopedia Britannica. (2014). *Mapa de Crimea* [Mapa]. Encyclopedia Britannica. Recuperado de <https://cdn.britannica.com/71/174471-050-8164EA52/Crimea.jpg>

Fennell, J. (1967). The Tver Uprising of 1327: A Study of the Sources. *Jahrbücher Für Geschichte Osteuropas*, 15(2), neue folge, 161-179. Recuperado de <http://www.jstor.org/stable/41043199>

Figes, O. (2011). *Crimea: The Last Crusade*. Allen Lane.

Fisas, V. (2004). *Procesos De Paz Y Negociacion En Conflictos Armados* (1.ª ed.). Paidós.

Fisher, A. (2008). *The Russian Annexation of the Crimea 1772–1783* (1.ª ed.). Cambridge University Press.

Fisher, S., Matovic, V., & Walker, B. (2020). *Working with Conflict 2: Skills and Strategies for Action* (2nd ed.). Bloomsbury Publishing PLC.

- Fitzduff, M. (2004, 11 agosto). *Meta-Conflict Resolution*. Beyond Intractability. Recuperado de <https://www.beyondintractability.org/essay/meta-conflict-resolution>
- Folarin, F. (2015). *Types and Causes of Conflict*. [PDF]. Recuperado de <http://eprints.covenantuniversity.edu.ng/3241/1/Folarin%2025.pdf>
- Galtung, J. (1998). Tras la violencia, 3R: reconstrucción, reconciliación, resolución. Afrontando los efectos visibles e invisibles de la guerra y la violencia,. *Gernika Gogoratz*.
- García, C. (2013). Las nuevas guerras del siglo XXI. *Institut de Ciències Politiques i Socials*.
- Global Rights Compliance. (2020). *International Law and Defining Russia's Involvement in Crimea and Donbas*. Recuperado de <https://www.globalrightscompliance.com/uploads/f0866e0fbc8dde48906dbec52de5483b.pdf>
- Gordon, M., & Kantchev, G. (2021, 20 abril). Satellite Images Show Russia's Expanding Ukraine Buildup. *The Wall Street Journal*. Recuperado de <https://www.wsj.com/articles/satellite-images-show-russias-expanding-ukraine-buildup-11618917238>
- Hosking, G. (2014). *Una muy breve historia de Rusia* (1.ª ed.). Alianza.
- IANS. (2014, 7 abril). Pro-Russian Group in Donetsk declare independence from Ukraine. *Biharprabha News*. Recuperado de <https://news.biharprabha.com/2014/04/pro-russian-group-in-donetsk-declare-independence-from-ukraine/>
- Interfax-Ukraine. (2014, 27 febrero). Здание крымского Парламента и Правительства захвачены неизвестными. *Интерфакс-Украина*. Recuperado de <https://interfax.com.ua/news/general/193046.html>
- Interfax-Ukraine. (2014a, febrero 27). Number of Crimean deputies present at referendum resolution vote unclear. *Interfax-Ukraine*. Recuperado de <https://en.interfax.com.ua/news/general/193292.html>
- Jeong, H. (2008). *Understanding Conflict and Conflict Analysis (English Edition)* (1.ª ed.). SAGE Publications Ltd.

- Kaldor, M. (2006). Un nuevo enfoque sobre las guerras. *Papeles de cuestiones internacionales*, 94.
- Khineyko, I. (2005). The View from Russia: Russian Press Coverage of the 2004 Presidential Elections in Ukraine. *Canadian Slavonic Papers*, 47(3–4), 265–291.
<https://doi.org/10.1080/00085006.2005.11092388>
- Kofman, M. et al. , Migacheva, K., Nichiporuk, B., Radin, A., Tkacheva, O., & Oberholtzer, J. (2017). *Lessons from Russia's Operations in Crimea and Eastern Ukraine*. Rand Cooperation.
- Kremlin. (2014, 4 marzo). *Vladimir Putin answered journalists' questions on the situation in Ukraine* [Comunicado de prensa]. Recuperado de <http://en.kremlin.ru/events/president/news/20366>
- Kremlin. (2014b, marzo 18). *Address by President of the Russian Federation* [Comunicado de prensa]. Recuperado de <http://en.kremlin.ru/events/president/news/20603>
- Kriesberg, L. (1998). *Constructive Conflicts: From Escalation to Resolution* (5.ª ed.). Rowman & Littlefield Publishers.
- LIGA. (2014, 17 noviembre). Путин: Украинских военных в Крыму блокировали российские войска - новости Украины, Политика - LIGA.net. LIGA. Recuperado de https://news.liga.net/politics/video/putin_ukrainskikh_voennykh_v_krymu_blokirovali_nas_hi_voennye
- Luhn, A., & Grytsenko, O. (2017, 30 noviembre). Ukrainian soldiers share horrors of Debaltseve battle after stinging defeat. *The Guardian*. Recuperado de <https://www.theguardian.com/world/2015/feb/18/ukrainian-soldiers-share-horrors-of-debaltseve-battle-after-stinging-defeat>
- Malmström C. (2016, 24 de Noviembre) *The rewards of reform in Ukraine*. European Commission. Recuperado de https://trade.ec.europa.eu/doclib/docs/2016/november/tradoc_155109.pdf

- Martin, T. (2001). *The Affirmative Action Empire* (1.^a ed.). Cornell University Press.
- Mawdsley, E. (2020). *Blancos contra rojos: La Guerra Civil rusa* (1.^a ed.). Desperta Ferro Ediciones.
- Menon, R., & Rumer, E. (2015). *Conflict in Ukraine: The Unwinding of the Post-Cold War Order*. Mit Press.
- Millar, J. R. (2003). *Encyclopedia of Russian History*. MacMillan Reference Library.
- Münkler, H. (2005). *Viejas y nuevas guerras. Asimetría y privatización de la violencia* (1.^a ed.). Siglo XXI Editores.
- Murphy, K. (2019, 4 marzo). Russia-Ukraine Ties Founder on the Shore of Tiny Isle. *Los Angeles Times*. Recuperado de <https://www.latimes.com/archives/la-xpm-2003-nov-03-fg-ukraine3-story.html>
- Mykhnenko, V. (2020). Causes and Consequences of the War in Eastern Ukraine: An Economic Geography Perspective. *Europe-Asia Studies*, 72(3), 528–560.
<https://doi.org/10.1080/09668136.2019.1684447>
- Number of Ukrainian soldiers killed in Donbas decreases tenfold over 103 days of ceasefire.* (2020, 7 noviembre). UKRINFORM. Recuperado de <https://www.ukrinform.net/rubric-defense/3131969-number-of-ukrainian-soldiers-killed-in-donbas-decrease-tenfold-over-103-days-of-ceasefire.html>
- Nye, J. S. "Get Smart: Combining Hard and Soft Power." *Foreign Affairs*, vol. 88, no. 4, 2009, pp. 160–163. JSTOR, www.jstor.org/stable/20699631.
- Office of the United Nations High Commissioner for Human Rights. (2017). *Report on the human rights situation in Ukraine*. Recuperado de https://www.ohchr.org/Documents/Countries/UA/UAReport18th_EN.pdf
- Office of the United Nations High Commissioner for Human Rights. (2016). *Report on the human rights situation in Ukraine 16 February to 15 May 2016*. Recuperado de https://www.ohchr.org/Documents/Countries/UA/Ukraine_14th_HRMMU_Report.pdf

Organization for Security and Co-operation in Europe. (2015, 3 agosto). *Latest from OSCE Special Monitoring Mission (SMM) to Ukraine based on information received as of 19:30 (Kyiv time), 2 August 2015* [Comunicado de prensa]. Recuperado de <https://www.osce.org/ukraine-smm/175736>

Parliament passes statement on Ukraine's aspirations for European integration. (2013, 22 fevereiro). *Kyiv Post*. Recuperado de <https://www.kyivpost.com/article/content/ukraine-politics/parliament-passes-statement-on-ukraines-aspirations-for-european-integration-320792.html>

Poroshenko signs decree on final termination of Ukraine's participation in CIS statutory bodies. (2018, 19 maio). *UNIAN*. Recuperado de <https://www.unian.info/politics/10123172-poroshenko-signs-decree-on-final-termination-of-ukraine-s-participation-in-cis-statutory-bodies.html>

Pruitt, D. G., & Kim, S. H. (2004). *Social Conflict: Escalation, Stalemate, and Settlement*. McGraw-Hill.

Radin, A., & Reach, C. (2017). *Russian Views of the International Order*. RAND Corporation. Publicado. Recuperado de https://www.rand.org/pubs/research_reports/RR1826.html

Research & Branding Group polling December 2013. (2014, 12 fevereiro). Recuperado de <http://reporter-ua.com/2014/02/12/81-zhiteley-vostoka-ukrainy-ne-podderzhivaet-sobytiyana-maydane-i-zahvat>

Russian Ground Troop Units and Iskander ballistic missiles identified at Ukrainian border by Janes. (2021, 8 abril). Janes. Recuperado de <https://www.janes.com/defence-news/news-detail/russian-ground-troop-units-and-iskander-ballistic-missiles-identified-at-ukrainian-border-by-janes>

Ryzhkov, V. (2017, 12 abril). «Russia's treatment of Crimean Tatars echoes mistakes made by Soviets». *The Guardian*. Recuperado de <https://www.theguardian.com/world/2014/nov/25/-sp-russia-crimean-tatars-soviet-ukraine>

- Schreck, C. (2019, 26 febreiro). From «Not Us» To «Why Hide It?»: How Russia Denied Its Crimea Invasion, Then Admitted It. *RadioFreeEurope*. Recuperado de <https://www.rferl.org/a/from-not-us-to-why-hide-it-how-russia-denied-its-crimea-invasion-then-admitted-it/29791806.html>
- Sonne, P., & Shishkin, P. (2014, 27 abril). Pro-Russian Commander in Eastern Ukraine Sheds Light on Origin of Militants. *The Wall Street Journal*. Recuperado de <https://www.wsj.com/articles/SB10001424052702304788404579526160643349256>
- Subtelny, O. (2009). *Ukraine: A History* (4.^a ed.). University of Toronto Press.
- Télam. (2014, 17 xullo). Putin responsabilizó a Ucrania. *Crónica*. Recuperado de <https://web.archive.org/web/20140726074606/http://www.cronica.com.ar/article/details/10906/putin-responsabilizo-a-ucrania>
- The Best of the Worst: What 2016 Was Like for Donbas. (2017, 9 xaneiro). *Hromadske International*. Recuperado de https://en.hromadske.ua/posts/2016_for_Donbas
- The Moscow Times. (2021, 1 maio). *Donbass Escalation Would Be 'Beginning of the End' for Ukraine – Putin Aide*. Recuperado de <https://www.themoscowtimes.com/2021/04/08/donbass-escalation-would-be-beginning-of-the-end-for-ukraine-putin-aide-a73528>
- Tsukanova, A. (2008, 5 setembro). Cheney urges divided Ukraine to unite against Russia «threat». *The Sydney Morning Herald*. Recuperado de <https://www.smh.com.au/world/chene-urges-divided-ukraine-to-unite-against-russia-threat-20080906-4auh.html>
- UCDP. (2016). *UCDP - Uppsala Conflict Data Program*. Uppsala Conflict Data Program. Recuperado de <https://ucdp.uu.se/actor/61>
- UCDP. (2020). *Definitions - Department of Peace and Conflict Research - Uppsala University, Sweden*. Recuperado de https://www.pcr.uu.se/research/ucdp/definitions/#tocjump_9570936154246028_9

- Udoenko, A. (2019). *Chronology of prisoner exchanges: 2014–2020*. Justice for Peace in Donbas. Recuperado de https://jfp.org.ua/blog/blog/blog_articles/58?locale=en
- Ukraine adopts military reservist law amid Russia tensions. (2021, 21 abril). AP NEWS. Recuperado de <https://apnews.com/article/world-news-russia-business-government-and-politics-ukraine-3c9917034ad3cbdab30c9914ff053cf1>
- UNICEF. (2021, 20 abril). *UNICEF Ukraine Humanitarian Situation Report No. 1: 1 January – 31 March 2021 - Ukraine*. ReliefWeb. Recuperado de <https://reliefweb.int/report/ukraine/unicef-ukraine-humanitarian-situation-report-no-1-1-january-31-march-2021>
- University of Texas. (2016). *Ukraine Maps - Perry-Castañeda Map Collection - UT Library Online*. University of Texas Libraries. Recuperado de <https://legacy.lib.utexas.edu/maps/ukraine.html>
- Uppsala Conflict Data Program. (2019). UCDP. <https://ucdp.uu.se/country/369>
- Urbanska, T. (2018, 22 febrero). Operation «Crimea is Ours». UNIAN. Recuperado de <https://www.unian.info/politics/10017818-operation-crimea-is-ours.html>
- Wallensteen, P., & Sollenberg, M. (1988). *Definitions - Department of Peace and Conflict Research - Uppsala University, Sweden*. Uppsala Conflict Data Program. Recuperado de https://www.pcr.uu.se/research/ucdp/definitions/#tocjump_5242486816246343_9
- Waltz, K. (2008). *Realism and International Politics* (1.ª ed.). Routledge.
- Wikimedia commons. (2011). *Principados do Rus de Kiev (1054–1132)* [Mapa]. Wikimedia commons. Recuperado de [https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Principalities_of_Kievan_Rus%27_\(1054–1132\)_ru2.svg](https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Principalities_of_Kievan_Rus%27_(1054–1132)_ru2.svg)
- Yekelchik, S. (2015). *The Conflict in Ukraine: What Everyone Needs to Know® (English Edition)* (1.ª ed.). Oxford University Press.

Yuhas, A., & McCarthy, T. (2014, 12 abril). Crisis in east Ukraine: a city-by-city guide to the spreading conflict. *The Guardian*. Recuperado de <https://www.theguardian.com/world/2014/apr/16/crisis-east-ukraine-city-by-city-guide-map>

Интерфакс. (2014, 1 marzo). Совет Федерации разрешил Путину ввести войска на Украину. *Interfax*. Recuperado de <https://www.interfax.ru/russia/362043>

У Луганську сепаратисти вирішили провести два референдуми. (2014, 21 abril). *Pravda*. Recuperado de <https://www.pravda.com.ua/news/2014/04/21/7023176/>